

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de outubro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezanove de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1081).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de outubro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1082).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN EQUIPO DE TOPOGRAFÍA PARA DESENVOLVER OS TRABALLOS TOPOGRÁFICOS NECESARIOS NA ÁREA DE FOMENTO . EXPTE. 4706/440.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 9/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2017, dos licitadores que deseguido se relacionan polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC”):

1. GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L.
2. LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	70 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LEYCA GEOSYSTEMS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.071,33 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1083).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA AS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN, FONTES E TÚNELES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40873/444.

Visto o informe de fiscalización do 13/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) na seguinte orde descendente:

Lote nº1: Soportes e accesorios:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Lote nº2: Luminarias e os seus accesorios:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Lote nº3: Material electromecánico diverso e condutores:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos 3 lotes, DIGAMEL, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.085,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIGAMEL, S.A., o día 22 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DIGAMEL, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DIGAMEL, S.A., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula, de data 12 de setembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DIGAMEL, S.A., o lote 1 “Soportes e accesorios”, lote 2 “Luminarias e os seus accesorios” e lote 3 “Material electromecánico diverso e condutores” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) por un prezo total por lote de 30.000 euros, 45.000 euros e 75.000 euros, respectivamente; en total 150.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.033,06 euros e coas seguintes baixas sobre os prezos unitarios:

- a) Propón unha baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 1 relacionados no Anexo do PPT.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 1 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*
- c) Propón como baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 2 relacionados no Anexo do PPT.*
- d) Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 2 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*
- e) Propón como baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 3 relacionados no Anexo do PPT.*
- f) Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 3 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1084).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO (LOTES 2 E 3). EXPTE. 4653/440.

Visto o informe de fiscalización do 13/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe de Vías e Obras e Infraestruturas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 25 de setembro de 2017:

1. FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L. (lote nº 2)
2. HORDESCON, S.L. (lote nº 3)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes nº 2 “Vigo Norte” e 3 “Vigo Sur” deste procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) na seguinte orde descendente:

Lote nº 2 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Norte”:

	Licitadores	% Baixa	Prezo ofertado
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	43,26	176.750,18 €
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,13	180.270,23 €
3	HORDESCON, S.L.	42,03	180.581,74 €
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,11	86.562,71 €
5	ELSAMEX, S.A.	38,85	190.487,72 €
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	36,28	98.493,51 €

	Licitadores	% Baixa	Prezo ofertado
7	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	34,33	204.567,93 €
8	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,10	208.399,50 €
9	MISTURAS, S.A.	31,72	212.697,43 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	31,01	214.910,04 €
11	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	30,03	217.962,82 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	29,13	220.766,40 €
13	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	28,70	222.105,79 €
14	NAROM, S.L.	28,40	23.040,41 €
15	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,24	226.653,92 €

Lote nº 3 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Sur”:

	Licitadores	% Baixa	Oferta económica
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	42,97	163.328,03 €
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,07	165.905,53 €
3	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	42,03	166.020,08 €
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,09	171.576,04 €
5	ELSAMEX, S.A.	37,80	178.134,37 €
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	34,21	188.415,76 €
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	34,01	188.988,53 €
8	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,75	189.733,15 €
9	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	32,23	194.086,27 €
10	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	32,00	194.744,97 €
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	31,91	195.002,63 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	31,13	197.236,56 €
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	30,80	198.181,64 €
14	NAROM, S.L.	29,43	202.105,17 €
15	EXTRACO, S.A.	28,72	204.137,89 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes nº 2 e 3, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“no suposto de que a oferta adxudicada se corresponda cunha oferta cualificada

inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración”).

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 859,84 euros (429,92 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o día 29 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 5 de outubro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 26 de setembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. os lotes 2 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Norte” e 3 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Sur” do procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 2 é de 176.750,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.675,65 euros.
- b) O prezo total do lote 3 é de 163.328,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.346,19 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1085).- CONTRATO DE COMODATO CON COMPROMISO DE OFERTA DE DOAZÓN FUTURA DE PEZAS ARTÍSTICAS DO LEGADO PICTÓRICO DE MANUEL COLMEIRO GUIMERÁNS A FAVOR DO CONCELLO D E VIGO. EXPTE. 1433/110.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/10/17, asinado polo secretario do Pleno e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

Cod. Civil. Código Civil.

TRLCSF. Real Decreto Legislativo 3/2011, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

LRBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril. Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLRHL. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

LPAP. Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

LPCG. Lei 8/1995, de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia.

Antecedentes.

Mediante escrito que tivo entrada no Concello en data 18.04.2016 Elena Colmeiro González, no seu propio nome e dereito e en nome e representación do seu irmán Albino Colmeiro González; e Alba Emilia Corral Colmeiro, en nome e representación da súa nai, Alba María Concepción Colmeiro González ofertan ao Concello de Vigo -baixo as Condicións que cita o escrito- contrato de comodato dunha selección de pezas artísticas do legado pictórico do seu pai Manuel Colmeiro Guimarás ao obxecto de que durante o prazo de dez anos se expoñan ao público na Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego (antigo Pazo de Arias Taboada) e se atopen a disposición dos estudosos, investigadores e outros interesados. Concluído o prazo os comodantes obrigábanse a realizar unha doazón incondicional das obras artísticas comodadas.

Integraban o comodato os óleos e debuxos citados no escrito, un total de vinte óleos e cento trinta e nove obras sobre papel (tinta, lapis, carboncillo ...).

Mediante Resolución de data 26.04.2016 o concelleiro delegado de Cultura ten nomeado instrutor do expediente ao secretario xeral do Pleno, na mesma Resolución instou da Xefatura de Servizo de Xestión e Promoción Cultural informe técnico-artístico que avalíe a calidade, carácter e importancia da obra artística ofertada e a conveniencia, ou non, da súa aceptación en consideración ás condicións económicas e de custodia ás que esta suxeita.

A Xefatura emitiu o informe solicitado en data de 20.05.2016; nas súas conclusións fixo constar, entre outras consideracións, a conveniencia da aceptación da oferta; no expediente tamén constaba copia de informe emitido en data 6.05.2016 polo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”, que actualiza outro anterior de data 5.05.2015, e que valora o comodato ofertado como “excepcional” dada a súa amplitude cronolóxica, variedade temática e variedade de técnicas empregadas.

Concluída a tramitación esta Secretaría, en data de 4.06.2016, emitiu informe proposta para o órgano municipal competente, Xunta de Goberno Local, e a Intervención xeral fiscalizou a proposta e o Expediente tramitado.

O Expediente non foi resolto polo órgano competente; non obstante desde a última data indicada ata a data de hoxe a Concellería Delegada de Cultura mantivo novas conversas cos comodantes.

Froito das conversas sinaladas, Elena Colmeiro González, en data 26.09.2017, entregou ao Concello unha nova selección de pezas artísticas que se corresponde coa descrita na Cláusula Segunda I do Anexo a esta proposta modificando moi puntualmente a selección anteriormente entregada.

Sobre esta nova entrega ten emitido informe, en data 5.10.2017, o Director do Museo Municipal Quiñones de León que conclúe do seguinte xeito. “(...) *valórase que o conxunto de obras en papel que segue a ofertarse conserva o enorme interese inicial; a perda que se produce non resulta significativa quedando sobradamente salvagardada a variedade temática e cronolóxica nas outras obras que permanecen en oferta (...)*”

INFORME

I. Réxime Xurídico. O contrato de comodato é un préstamo no que unha das partes entrega á outra, algunha cosa non funxible para que use dela por certo tempo e se devolva, artigo 1740 Cod. Civil.

O comodato ofertado recae sobre bens mobles (obras pictóricas, cadros e debuxos), se fora sobre bens inmoables estaría suxeito á lexislación patrimonial en cuxo caso sería un negocio xurídico excluído do TRLCSP, artigo 4. p) da norma citada.

Conforme determina *in fine* o artigo 20.1 do TRLCSP, o contrato de comodato de bens mobles, en tanto que é distinto dos nominados no apartado 1 do artigo 19, é, en consecuencia, un “contrato privado” da Administración.

Mais alá dos que polo o seu obxecto son típicos ou nominados, artigo 19.1.a), desde a perspectiva teleolóxica, tamén cabe dicir que o comodato previsto non responde ao xiro ou tráfico específico do Concello de Vigo, tampouco satisfai de forma directa o inmediata unha finalidade de competencia municipal, polo que tampouco pode cualificarse como “administrativo especial”, artigo 19.1.b) TRLCSP.

Os “contratos privados” caracterízanse na ausencia de potestades exorbitantes da Administración durante a vida ou período do contrato ao actuar esta en pé de igualdade coa outra parte; principio de paridade.

A preparación e adxudicación dos contratos privados réxese polo TRLCSP correspondendo á orde xurisdiccional contenciosa o coñecemento destas cuestións, artigo 21.2 TRLCSP.

Nos seus efectos, cumprimento e extinción rexe o dereito privado, artigo 19.2 do TRLCSP, no noso caso polo Código Civil, sendo esta orde xurisdiccional a competente para resolver as controversias que xurdan nestes aspectos, artigo 21.2; non obstante son de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I relativas á modificación contractual, artigo 20.2 in fine TRLCSP.

II. Preparación do contrato. A preparación do contrato esixe que no expediente conste a motivación da súa necesidade, artigos 22 e 109.1 TRLCSP, necesidade que neste caso se concreta na conveniencia, ou non, da aceptación da oferta presentada, circunstancia -xa se ten dito- respecto da que constan informes nos que se advirte da “excepcional” calidade artística da obra pictórica e da conveniencia de que o Concello adopte acordo aceptando a oferta. Neste sentido a Xefatura de Servizo de Xestión e Promoción Cultural indica, “(...) A súa amplitude cronolóxica, variedade temática e técnica, unidas ao feito de conter obras de espléndida factura, que consideradas individualmente representan extraordinarios exemplos da enorme calidade artística do pintor, xustifican plenamente a incorporación deste conxunto á colección municipal (...)”.

III. Pregos de Cláusulas, Condicións dos ofertantes e Cláusulas contractuais. Como actuación preparatoria nos contratos das Administracións tamén se considera a incorporación ao expediente dos Pregos de Cláusulas Administrativas que rexerán a contratación projectada; no presente caso tales Pregos se traducen nas Cláusulas polas que se rexerá o contrato que non poden ser outras que as Condicións -previamente negociadas- sinaladas na oferta e que definen con precisión os dereitos e deberes das partes, Condicións ou Cláusulas que esta Secretaría Xeral entende como xustas, convenientes e acertadas.

IV. Aptitude dos comodantes. O artigo 54.1. do TRLCSP sinala: “(...) Só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional (...)”. En definitiva, (i) capacidade de obrar; (ii) non incursión en prohibición de contratar e (iii) acreditación de solvencia.

A capacidade de obrar, a aptitude para exercitar relacións xurídicas, de Elena Colmeiro González, de Albino Colmeiro González e de Alba María Concepción Colmeiro González, fillos e únicos herdeiros do pintor Manuel Colmeiro Guimarás, en tanto en canto persoas maiores de idade, presúmese.

Respecto da prohibición para contratar no expediente consta “Declaración Responsable” na que se fai constar que os comodantes non se atopan incursos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades sinaladas no artigo 60 do TRLCSP; na mesma declaración faise constar que os comodantes/ofertantes se atopan ao corrente nas súas obrigas tributarias tanto estatais como municipais.

Solvencia. Os “contratos privados” das Administracións non se atopan eximidos da acreditación das solvencias (económica e técnica) por parte do contratista, non obstante este requisito, artigo 62.1 TRLCSP, no presente contrato, debe matizarse.

As solvencias constitúen un soporte fundamental na selección do contratista nos procedementos de adxudicación pois permiten identificar, con certa garantía, aos que resultan máis idóneos na execución da prestación demandada.

Sen prexuízo da entrega material da cousa -momento no que civilmente se perfecciona o contrato- no comodato non existe prestación ningunha que deba satisfacer o contratista/comodante, é un contrato unilateral onde tan só existen obrigas para o comodatario (conservación dilixente e restitución da cosa), neste caso para o Concello de Vigo; tampouco existe selección pois é un acto (entrega) de mera vontade e liberalidade (altruísta) consecuencia, neste caso, dunha oferta determinada á Administración Municipal, oferta que tan só pode ser realizada por quen dispón do dereito de cesión de uso -non necesariamente a propiedade da cousa.

Desde esta visión carece de sentido esixir a quen entrega que acredite un volume determinado de negocio, un seguro de indemnización por riscos a un determinado patrimonio neto (solvencia económica), ao igual que carece de razón esixir que se mostren coñecementos técnicos, eficacia, experiencia ou fiabilidade de anteriores comodatos (solvencia técnica ou profesional).

En conclusión, non procede acreditar ningún tipo de solvencia; o que os comodantes deben acreditar é o seu dereito de cesión de uso, dereito que neste caso é inclusive de propiedade en virtude de transmisión mortis causa.

V. Garantía. A garantía, na contratación das Administracións Públicas, ten como fin, entre outros, responder da correcta execución das prestacións contempladas no contrato.

O artigo 95.1 do TRLCSP sinala que, nas licitacións que celebren as Administracións Públicas, os que presenten as ofertas máis vantaxosas constituirán, a disposición do órgano de contratación, unha garantía do 5 por cento do importe da adxudicación excluído o IVE. No contrato proxectado non existen prestacións por parte dos comodantes, nin licitación, nin importe de adxudicación polo que non procede á constitución de garantía de ningunha clase. É mais, o mesmo precepto no parágrafo segundo sinala que, “atendidas as circunstancias concorrentes no contrato o órgano de contratación poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituír garantía”.

VI. Órgano de contratación. O TRLCSP na súa Disposición Adicional segunda, apartado 3, indica. “Nos municipios de grande poboación referidos no artigo 121 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as competencias que se describen nos apartados anteriores [competencias de adxudicación] exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe ou a duración do contrato”.

VII. Adxudicación. O artigo 138 do TRLCSP advirte que os contratos que celebren as Administracións Públicas adxudicaranse con arranxo ás normas do Capítulo I do Título I de dita norma; o parágrafo 2. do mesmo precepto sinala que nos supostos enumerados nos artigos 170 a 175, ambos inclusive, poderase seguir o procedemento negociado.

O artigo 170. d) sinala, “(...) os contratos que celebren as Administracións Públicas [sexan administrativos ou privados] poderanse adxudicar mediante procedemento negociado cando por razóns artísticas ... só poda encomendarse a un empresario determinado (...)”.

O comodato dunha selección de pezas artísticas do legado pictórico do pintor Manuel Colmeiro Guimarás tan só pode ser adxudicado (aceptado), en relación cunha oferta previa realizada por aqueles que ostentan o dereito de cesión de uso dos bens; o procedemento de adxudicación forzosamente ten que ser o negociado.

VIII. Formalización. O artigo 156.1 do TRLCSP sinala, “(...) Os contratos que celebren as Administracións Públicas formalizaranse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos (...)”.

Na condición Décimo Terceira da oferta indícase; “As partes obríganse reciprocamente a elevar a público o presente documento sendo de conta do Excmo. Concello de Vigo os gastos que se deriven incluídos os de natureza tributaria”.

O Cód. Civil establece para o contrato de comodato o principio de “liberdade de forma” non resultando esixible escritura pública, non obstante no contrato proxectado tamén se menciona un compromiso expreso de doazón futura da obra comodatada que expresa o ánimo de obrigarse dos comodantes, en definitiva, unha obriga contractual que xera un dereito a favor do Concello, desde esta visión o contrato proxectado é un contrato complexo ou mixto.

A promesa de doazón carece de regulación no Cód. Civil, non é un contrato típico, polo que rexerese polas normas xerais da contratación, artigos 1254 a 1314 do Cód. Civil, ten o seu orixe no principio de liberdade de pactos, artigo 1255 Cód. Civil. O feito de que o contrato mencione tal obriga de doazón recomenda que a mesma, a pesares de que recae sobre bens mobles, se instrumente, en reforzo da súa eficacia, “ad solemnitatem” e “ad probationem”, de documento público.

Que no documento formalizador do contrato se pacte que os gastos notariais da escritura mencionada sexan municipais e que tamén sexan municipais os tributarios que da mesma se deriven (Imposto de Actos Xurídicos Documentados) resolta un pacto conforme a dereito.

IX. Condicións do contrato. (i) No apartado III da Condición Primeira indícase, “(...) Durante a vixencia do presente contrato o Concello de Vigo obrigarase a instar da Consellería competente da Xunta de Galicia, inicio de expediente para incluír á colección comodatada no “Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, a denegación da incoación polo órgano competente ou a ausencia da catalogación instada imposibilitará a oferta de doazón pactada (...)”.

A obriga de oferta de doazón da obra comodatada mencionada no apartado II vincúlase á “catalogación” da mesma conforme á Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), unha vinculación que asume libremente o Concello coa aceptación da oferta e a subscripción do contrato; non obstante ante tal escenario o apartado IV da mesma Cláusula establece a cautela de que o comodato pactado non resultaría obrigado á materialización dos compromisos de gasto previstos nas Cláusulas Sexta, Sétima e Oitava o que, dalgunha maneira, e razoablemente, compensaría a ausencia da obriga de ofertar doazón.

Non obstante exposto o horizonte descrito resulta case imposible de imaxinar. En efecto, a citada LPCG distingue entre “bens de interese cultural” e “bens catalogados”; son bens de “interese cultural” os bens mobles, inmobles e inmateriais mais destacados do patrimonio cultural de Galicia, artigo 8; son bens “catalogados” aqueles que, sen chegar a ser declarados de interese cultural, posúen especial singularidade, artigo 17.

A colección artística comodatada vai mais alá que a mera “singularidade” pois representa, -como manifesta no seu informe o Director do museo Municipal Quiñones de León- “un exemplo extraordinario e de enorme calidade artística dun dos pintores mais clásicos e sobresaíntes da arte contemporánea galega e española”, razón suficiente para entender que tal catalogación, desde a lóxica dos feitos, é plena e absolutamente posible.

O Concello comprométese a iniciar o procedemento de catalogación, a estes efectos instrumentará expediente co contido que se menciona no artigo 19 da LPCG; recaído acordo de incoación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio o expediente, someterase a información pública no DOGA por prazo dun mes mediante a publicación do acordo de incoación, emitidos os informes preceptivos, entre eles o do Consello Consultivo de Valoración, resolverá o Conselleiro de Cultura a proposta do Director Xeral de Patrimonio Histórico; o prazo máximo para resolver fíxao a Lei en vinte meses, un prazo que, polo xeral, se ven reducindo a seis ou oito meses, non mais.

A cautela recomenda que o Concello inicie este expediente o antes posible, inmediatamente despois da entrega do préstamo, pois na hipótese -inconcebible- de que a obra comodatada non sexa catalogada, tal decisión eximiría ao Concello dos gastos previstos nas Cláusulas Sexta, Sétima e Oitava.

(ii) A Condición Segunda da oferta, modificada en virtude do documento presentado en data 26.09.2017, fala de 21 óleos e 145 obras sobre papel (tinta, lapis, carboncillo ...), delas, 32 correspondentes á serie “Horrores da Guerra” e 113 a diferentes temáticas.

(iii) Na condición Quinta estipúlase a obriga para o Concello de subscribir “seguro a todo risco” por un capital asegurado de 1.006.000 de euros; a suma dos importes de valoración individualizada se eleva a tal cantidade. Procédese, no documento formalizador do contrato, Cláusula Quinta á inclusión desta última cantidade.

(iv) Na Condición Sexta se indica, “(...) O Excmo. Concello de Vigo considera necesario reivindicar a figura e persoa de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS, a tal fin no período sinalado na Cláusula Primeira, obrígase a realizar cada ano natural unha actividade relevante de carácter cultural relacionada directa ou indirectamente coa persoa e obra do artista (...)”, tamén se indica que para tales fins presentárase ao Concello por un *Comité Paritario de Seguimento* un proxecto con Memoria e orzamento pormenorizado non inferior a cantidade de 30.000 euros nin superior á de 50.000 euros e que tales cantidades serán obxecto de incremento ou minoración segundo resulte cada ano do Índice de Prezos ao Consumo.

No informe da Xefatura de Servizo de Xestión e Promoción Cultural indícase que os importes serán, en todo caso, os que se determinen en cada orzamento anual e non se atoparán suxeitos ás variacións do IPC. Non se comparte esta reflexión, as obrigas nacen dos contratos, teñen forza de lei entre as partes e deben cumprirse nos seus propios términos, artigos 1089 e 1091 do Cód. Civil.

Da estipulación transcrita, negociada polo Concello -tamén por dita Xefatura de Servizo- resulta unha evidente obriga municipal de incluír na partida que corresponda do Estado de Gastos dos orzamentos municipais dos anos 2018 o 2027 uns importes que sempre deben atoparse dentro das marxes das cantidades mencionadas, en caso contrario o orzamento municipal incorrería en causa de ilegalidade por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles en virtude de título lexítimo, artigo 170.2.b) do TRLFL.

(v) Na Condición Sexta se indica, "(...) O proxecto de actividade, coa súa Memoria e orzamento pormenorizado, non será inferior a cantidade de 30.000.- euros nin superior á de 50.000.- euros, será proposto ao Excmo. Concello de Vigo polo *Comité Paritario de Seguimento* previsto na Cláusula Décimo Segunda deste documento; a reunión na que se efectúe a proposta terá lugar no ano anterior á celebración da mesma (...)". Pola a súa parte a Condición Décimo Segunda sinala, "(...) crease un *Comité Paritario de Seguimento* que estará integrado por dous representantes de cada unha das partes; o Comité, que tamén terá funcións consultivas, reunirse na Pinacoteca Municipal tódolos primeiros luns de cada mes de setembro e terá dereito a ser informado de cantas actuacións inherentes a obra comodada se teñan realizado (...)".

No presente ano 2017, o primeiro luns do mes de setembro ten transcorrido razón suficiente para engadir nesta Cláusula un parágrafo terceiro co seguinte contido: "A reunión na que se propoñerán as actividades correspondentes ao ano 2018, terá lugar o segundo luns do mes de xaneiro de 2018"

X. Regulación del Cód. Civil aplicable o contrato de comodato.

Artigo 1740 Cód. Civil. "*Polo contrato de préstamo, unha das partes entrega á outra, algunha cosa non funxible para que use dela por certo tempo e se devolva, en cuxo caso se chama comodato*".

Entrega. A Condición Terceira no primeiro parágrafo sinala, "(...) As pezas artísticas entregáranse ao Excmo. Concello no prazo dos corenta días seguintes ao de sinatura do documento formalizador do contrato, no suposto de que no período mencionado non se materializara a entrega o comodato quedará sen efecto sendo de conta dos comodantes calquera gasto no que tivese concorrido o Concello desde a presentación da oferta (...)".

No cómputo civil dos prazos non se exclúen os días inhábiles, artigo 5.2 Cód. Civil.

A Condición Terceira, parágrafo segundo, indica, "(...) O Excmo. Concello asume a totalidade dos gastos que sexan consecuencia do traslado (da entrega) da obra doada incluíndo os da póliza de seguro ("póliza cravo a cravo") que, a efecto de tal transporte, subscriba (...)".

Condición Terceira, parágrafo terceiro, "(...) Da entrega formalizárase Acta de Recepción; a dita Acta, ademais da acreditación documental das obras comodadas, axuntárase reportaxe fotográfica da totalidade das pezas que mostrará exhaustiva e documentalmente o estado de conservación das mesmas (...)".

Tempo. O comodato ofertado non o é en precario pois os comodantes non poden solicitar a devolución da cosa prestada en calquera momento, tal restitución -sen prexuízo da oferta de doazón- prodúcese aos dez anos. En efecto, na Condición Primeira indícase, "(...) Os irmás Elena Mercedes, Alba María e Albino Emilio Colmeiro González prestan gratuitamente ao Excmo. Concello de Vigo, coas condicións que se estipulan, o uso das obras pictóricas do

seu pai, o pintor MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS relacionadas na Condición Segunda, condicións que estarán vixentes por un período de DEZ AÑOS que comezará o día seguinte ao de sinatura do documento formalizador do contrato (...)"

Uso. O uso concreto da obra pictórica comodatada establécese na Condición Carta que di: "(...) O Excmo. Concello de Vigo obrígase a localizar de modo permanente e en exclusiva no terceiro andar da Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego (antigo Pazo Arias Taboada) a totalidade da obra prestada e en todo caso os vinte óleos mencionados e descritos na Condición Segunda; o Concello de Vigo non destinará as obras pictóricas a uso distinto do sinalado (...)" Non obstante o sinalado, no suposto de que o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación MARCO decidan reorientar e potenciar a actividade artística que na actualidade se expón no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo localizado na rúa Príncipe da Cidade de Vigo, a obra exhibirase en tal inmovible nun lugar ou sala a decidir polo *Comité Paritario de Seguimento*. En ningún caso tal exhibición supoñerá a partición dos vinte un óleos mencionados que serán expostos conxuntamente e na súa totalidade.

Devolución. A Condición Primeira, parágrafo segundo, di: "Transcorrido o período citado [dez anos] ... o Excmo. Concello de Vigo restituirá [devolverá] a obra pictórica; non obstante, chegado ese día, os comodantes obríganse a ofertar doazón ao obxecto de que o Concello adquira a propiedade da obra pictórica; en tal suposto o Excmo. Concello de Vigo adoptará acordo expreso de aceptación afectando de maneira permanente a totalidade dos cadros e debuxos de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS ao patrimonio público, pictórico e cultural da Cidade de Vigo".

A oferta de comodato inclúe a obriga para os comodantes de ofertar, o término do contrato, é dicir, o mesmo día do seu vencemento ("chegado ese día" di a oferta), unha doazón polo que a devolución -que é unha obriga do comodatario, do Concello- queda condicionada pola aceptación da oferta de doazón, unha doazón incondicionada.

O compromiso dos comodantes constitúe unha doazón contractual "obligacional" pois estes se impoñen unilateralmente a obriga de doar (promesa de doar). Atopámonos ante unha obriga que emana do propio contrato, neste sentido cabe manifestar que, as obrigas que nacen dos contratos teñen forza de lei entre as partes e deben cumprirse o teor dos mesmos, artigo 1091 Cód. Civil.

Artigo 1741 Cod. Civil.: "(...) O comodante conserva a propiedade da cousa prestada. O comodatario adquire o uso dela, pero non os froitos; intervénse algún emolumento que teña de pagar quen adquire o uso, a convención deixa de ser comodato (...).

Na oferta realizada nos existen "pagos", ou entrega de cartos por parte do Concello de Vigo ao comodante; existen "gastos" que debe asumir o Concello relacionados coa posta en valor da obra comodatada, nalgúns casos suxeitos a condición.

Artigo 1742 Cód. Civil.: "As obrigas e dereitos que nacen do comodato pasan aos herdeiros de ambos contraentes".

Conforme o precepto transcrito e conforme o sinalado no artigo 1257 do mesmo texto legal o contrato continúa en vigor cos sucesores de Elena Mercedes, Alba María e Albino Emilio Colmeiro González, manténdose os seus efectos en canto aos seus dereitos e obrigas coma si tal modificación nos elementos persoais do contrato (novación) non se tivera producido.

Artigo 1743 Cód. Civil.: *“O comodatario está obrigado a satisfacer los gastos ordinarios que sexan de necesidade para o uso e conservación da cosa prestada”*.

Do comodato unicamente nacen obrigas para quen recibe a cosa. Tales obrigacións consisten esencialmente en conserva-la e devolvela cando chegue o prazo pactado,

No parágrafo II sa Condición Segunda indícase: *“O Excmo. Concello de Vigo obrígase a satisfacer os gastos ordinarios que sexan de necesidade para o uso e perfecta (diligente) conservación, garda e custodia das obras prestadas ... así mesmo satisfará os gastos que resulten necesarios derivados de o seu uso normal (exposición)”*.

Da condición transcrita e do propio precepto legal se infire que aqueles gastos que non se refiran o uso normal e a perfecta (diligente) conservación, garda e custodia das obras prestadas son extraordinarios, de existir, corresponderán ao comodante (artigo 1751).

Artigo 1744 Cód. Civil.: *“Se o comodatario destina a cousa a un uso distinto daquel para o que se prestou, ou a conserva no seu poder por mais tempo do convido, será responsable de súa perda, aínda que esta sobreviñera por caso fortuíto”*.

Sen prexuízo do uso normal (exposición da obra na Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego) a oferta contempla un uso excepcional, pero admitido, é dicir, non distinto ao pactado, como é a cesión temporal da obra comodada a outros museos ou institucións, uso que requirirá a autorización escrita (autorización expresa) da comodante D^a Elena Mercedes Colmeiro González ou de seus habentes – causa; neste suposto a hipotética perda da obra non da lugar a responsabilidade por parte do Concello sen prexuízo de entender que nestes supostos tal perda atopase cuberta/protexida pola pólizas de seguro.

Artigo 1745 Cód. Civil.: *“Se a cousa prestada entregouse con taxación e se perde, aínda sexa por caso fortuíto, responderá o comodatario do prezo, a non ser que exista pacto no que expresamente se lle exima de responsabilidade”*.

Na oferta non menciona exención de responsabilidade do Concello neste suposto (perda); a obra pictórica ofertada en comodato entregarase -en caso de aceptación- con taxación detallada respecto da cada un dos vinte óleos e das cento trinta e nove obras sobre papel (tinta, lapis, carboncillo ...); a oferta (Condición Quinta) contempla a obriga do Concello de subscribir “seguro todo risco” respecto do da obra comodada, neste sentido o modelo de documento formalizador do contrato que se adxunta como Anexo a esta proposta de acordo (Cláusula Quinta) indica:

“(...) O Excmo. Concello de Vigo ten subscrito “seguro todo risco” respecto da obra comodada; achégase como Anexo nº 1 o presente contrato copia autenticada da póliza de seguro subscrita a tal fin; na póliza se fai constar expresamente que en caso de sinistro total ou parcial serán beneficiarios da indemnización que corresponda os comodantes ou aos seus habentes-causa.

O Excmo. Concello de Vigo comprométese a renovar e manter vixente durante o prazo sinalado na Cláusula Primeira a Póliza mencionada.

Os comodantes manifestan expresamente neste acto a súa plena conformidade e satisfacción co contido da Póliza (...).

Artigo 1746 Cód. Civil.: *“O comodatario non responde dos deterioros que sobreveñan á cosa prestada polo o solo efecto do seu uso e sen culpa súa”.*

No último inciso do primeiro parágrafo da Condición Carta indícase. “O Concello de Vigo non responderá dos deterioros que sobreveñeran nas obras pictóricas polo solo efecto do uso e sen que medie culpa sempre que para iso teña posto a dilixencia debida”.

Artigo 1747 Cód. Civil.: *“O comodatario non pode reter a cousa prestada a pretexto de que o comodante lle deba, aínda sea por razón de expensas”.*

As “expensas” que menciona o Cód. Civil son os gastos de conservación, respecto destes o artigo 1743, xa citado, advirte que corresponden ao comodatario cando sexan “ordinarios”; os gastos de conservación “extraordinarios”, de existir, corresponderán ao comodante (artigo 1751); no suposto de que por razóns de urxencia os asumira o Concello e non foran reintegrados no seu importe, este feito non condiciona a obriga municipal de devolver a obra comodada á finalización do prazo previsto sen prexuízo da obriga dos comodantes de ofertar unha doazón incondicionada.

Artigo 1748 Cód. Civil.: *“Todos los comodatarios a quienes se presta conjuntamente una cosa responden solidariamente de ella, al tenor de lo dispuesto en esta”*
O único comodatario é o Concello de Vigo.

Artigo 1749 Cód. Civil.: *“O comodante non pode reclamar a cousa prestada senón despois de concluído o uso para que a prestou. Non obstante, se antes destes prazos tivese o comodante urxente necesidade dela, poderá reclamar a restitución”.*

Na Condición Décima faise mención expresa da “urxente necesidade” sinalando: “(...) Os comodantes obríganse a restituír o Excmo. Concello de Vigo a totalidade das cantidades invertidas ou satisfeitas como consecuencia do cumprimento das Condicións Sexta, Sétima e Oitava no suposto de que antes da conclusión do prazo pactado, por urxente necesidade, e sen mediar causa de resolución por incumprimento, preténdase recuperar a totalidade ou unha parte significativa da obra prestada.

A “urxente necesidade” é un precepto xurídico indeterminado. O documento de oferta non concreta cales poden ser as causas de “urxente necesidade” que deban entenderse válidas para reclamar a “restitución” ou “devolución” da obra comodada, motivo suficiente para entender que razóns de seguridade xurídica e o propósito de evitar posibles conflitos litixiosos, recomandan a concreción das mesmas no documento formalizador del contrato; en calquera caso debe entenderse que a “urxente necesidade” non é calquera necesidade; neste sentido no documento formalizador (Cláusula Décima) tense engadido o seguinte parágrafo: “Considérase urxente necesidade as necesidades económicas imprevistas e extraordinarias que deban asumir os comodantes coma consecuencia de pactos con terceiros, especialmente referidos a cuestións relacionadas coa saúde e que podan ser satisfeitas mediante a venda de determinadas obras pictóricas comodadas”

Artigo 1751 Cód. Civil.: *O comodante debe abonar os gastos extraordinarios causados durante o contrato para a conservación da cosa prestada, sempre que o comodatario os poña no se coñecemento antes de facelos, salvo cando fosen tan urxentes que non poda esperarse o resultado do aviso sen perigo.*

A oferta de comodato non menciona os “gastos extraordinarios”, que sempre teñen que estar relacionados coa “conservación”; nin o prazo para que, unha vez postos en coñecemento dos comodatarios, estes se pronuncien. Neste sentido no documento formalizador tense engadido á Cláusula Segunda un apartado III que di, “(...) Os gastos extraordinarios para a conservación da obra artística comodatada serán aboados polos comodantes; se considerarán gastos extraordinarios os deterioros que non procedan do uso natural das obras e sexan indispensables para a súa conservación, neste suposto o Concello, antes de facelos, poñerá en coñecemento de D^a Elena Mercedes Colmeiro González ou dos seus habentes-causa. Entenderase denegada a autorización do gasto no suposto de que o Concello non obtivera resposta positiva por calquera medio que permita ter constancia no prazo de vinte días naturais. (...)”.

Artigo 1752 Cód. Civil. *“O comodante que, coñecendo os vicios da cosa prestada, non os houbera posto en coñecemento do comodatario, responderá a este dos danos que por aquela causa houbera sufrido”.*

De conformidade co exposto e considerando que as condicións sinaladas na oferta son asumibles para o interese público municipal e conformes a dereito, realízase á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aceptar, coas condicións nela sinaladas, a oferta de contrato de comodato con compromiso de oferta de doazón futura, presentada en data 18.04.2016 por Elena Colmeiro González, no seu propio nome e dereito e en nome e representación do seu irmá Albino Colmeiro González e por Alba Emilia Corral Colmeiro, en nome e representación da súa nai, Alba María Concepción Colmeiro González, herdeiras e herdeiro do pintor Manuel Colmeiro Guimarás relativa a unha selección referenciada, segundo oferta definitiva de data 26 de setembro de 2017, das seguintes pezas artísticas: 21 óleos e 145 obras sobre papel (tinta, lapis, carboncillo ...), delas, 32 correspondentes á serie “Horrores da Guerra” e 113 a diferentes temáticas.

SEGUNDO: Aprobar o documento formalizador do contrato que se transcribe como *ANEXO* a este acordo facendo constar que as súas Cláusulas recollen na súa integridade as Condicións sinaladas na oferta realizada sen prexuízo da engádegas dun apartado III na Cláusula Segunda (gastos extraordinarios) dun segundo parágrafo na Cláusula Décima e dun parágrafo terceiro na Cláusula Decimo Segunda.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos ofertantes requiríndolles para que dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde aquel no que se reciba a súa notificación aporte documentación xustificativa (certificados) de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Tributaria, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social; de non cumprimentarse o requirimento no prazo sinalado, entenderase que os ofertantes teñen retirado a súa oferta.

CUARTO: Comunicar aos ofertantes que a formalización do contrato en documento administrativo realizarase na Casa Consistorial do Concello de Vigo dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a documentación requirida no apartado anterior; suscrito o documento administrativo procederase a súa protocolización en escritura pública conforme determina a Cláusula Decimo Terceira.

QUINTO: O comodato aceptado require dunha axeitada xestión posterior, xestión que comezará co traslado das obras pictóricas, recepción das mesmas e a habilitación dos espazos necesarios para a súa exposición no terceiro andar da Pinacotea Municipal Fernández del Riego; a estes efectos, aos efectos de incoar expediente para a súa catalogación, e aos efectos de procurar a súa dilixente conservación, garda e custodia se designa á Concellería Delegada de Cultura como Concellería responsable do comodato.

SEXTO: Notificar o presente acordo á Xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Cultural os efectos de que, con anterioridade á sinatura do documento formalizador do contrato, proceda a instrumentación de contratos menores das pólizas de seguro previstas no parágrafo segundo da Cláusula Terceira, "póliza cravo a cravo", e na Cláusula Quinta "seguro todo risco" da obra comodatada. Notificar, así mesmo o Director do Museo Municipal Quiñones de León.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

DOCUMENTO FORMALIZADOR DO CONTRATO DE COMODATO CON COMPROMISO DE OFERTA DE DOAZÓN FUTURA DE PEZAS ARTÍSTICAS DO LEGADO PICTÓRICO DE MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS OUTORGADO POR D^a ELENA MERCEDES CONCEPCIÓN COLMEIRO GONZÁLEZ E D^a ALBA EMILIA CORRAL COLMEIRO A FAVOR DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

Na Cidade de Vigo a XX de novembro do ano 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Elena Mercedes Concepción Colmeiro González, maior de idade, viúva, con DNI nº 00221063 X domiciliada en Madrid, rúa, Estrecho de Torres, nº 24, andar Bajo A, e D^a Alba Emilia Corral Colmeiro, maior de idade, con DNI nº 00802517 R, domiciliada en Barcelona, rúa Girona 69.

Doutra, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a Elena Colmeiro González no seu propio nome e dereito e en nome e representación do seu irmá D. Albino Emilio Colmeiro González, veciño de Unión City, rúa 110-34, New Jersey (EE.UU.) con Pasaporte nº 568/81, expedido polo Consulado de España en Nueva York o día 28 de maio de 1981, ostenta tal representación en virtude de escritura de apoderamento outorgada ao seu favor en data de 3.09.1984 polo Notario do Ilustre Colexio de Madrid, D. Félix Martín Conde, baixo o número 1506/1984 de seu protocolo.

D^a Alba Emilia Corral Colmeiro, en nome e representación da súa nai, D^a. Alba María Concepción Colmeiro González, veciña de Bos Aires, Arxentina, rúa Monroe 2560, andar 7º A, con Pasaporte nº DA188555, expedido polo Consulado de España en Bos Aires o día 5 de

xullo de 2010, ostenta tal representación en virtude de escritura de poder xeral outorgada ao seu favor en Bos Aires o día de 14 de xuño de 2012 por D. Marcos Rodríguez Cantero, Cónsul Adxunto en funcións notariais.

D. Abel Caballero Álvarez na representación legal que ostenta estando facultado para este acto pola Xunta de Goberno Local segundo acordo deste órgano de data XX.09.2017; asistelle no asesoramento xurídico, D. José Riesgo Boluda na súa condición de secretario xeral do Pleno.

EXPOÑEN

Que o pai de Elena Mercedes, Albino Emilio e Alba María e avó de Alba Emilia, foi o pintor **MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS** nado no ano 1901 en Chapa (Silleda, Pontevedra) e finado en Salvaterra de Miño no ano 1999, foi integrante da denominada “Escola Española de París”; orientou a súa obra na paisaxe e na cultura popular galega que representou con estilo vangardista; é un dos máximos expoñentes da pintura de Galicia.

Que D^a Elena Colmeiro González foi comisionada polo o seu pai, D. Manuel Colmeiro Guimarães, para xestionar o seu legado pictórico segundo consta no testamento outorgado ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Alberto Casal Rivas, baixo o número 3966/1985 do seu protocolo.

Que D^a Elena Colmeiro González e D^o Alba Emilia Corral Colmeiro, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral en data 18.04.2016, ofertaron ao Excmo. Concello de Vigo -baixo as condicións que se citan neste documento- comodato dunha selección de pezas artísticas do legado pictórico do seu pai e avó co obxecto de que se expoñan ao público na Pinaoteca Municipal Francisco Fernández del Riego (antigo Pazo de Arias Taboada) e se atopen a disposición dos estudosos, investigadores e outros interesados.

Que en data de 29.09.2017 D^a Elena Colmeiro González entregou ao Concello unha nova selección de pezas artísticas que se corresponde coa descrita na Cláusula Segunda I modificando puntualmente a selección anteriormente entregada.

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo expediente incoado ao efecto, e mediante acordo de data XX.10.2017, aceptou expresamente o comodato ofertado sendo notificadas as comodantes de tal acordo en data XX.10.2017.

Que é vontade de ambas partes na representación que ostentan a formalización documental do comodato mencionado polo que a tal efecto se recoñecen a capacidade de legal necesaria e subscriben o presente contrato con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. I. Os irmás Elena Mercedes, Alba María e Albino Emilio Colmeiro González prestan gratuitamente ao Excmo. Concello de Vigo, coas condicións que se estipulan, o uso das obras pictóricas do seu pai, o pintor MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS relacionadas na Cláusula Segunda, condicións que estarán vixentes por un período de DEZ AÑOS que comezará o día seguinte ao de sinatura deste documento; a inobservancia ou incumprimento das mesmas dará lugar ao exercicio da acción de revogación do comodato por parte dos comodantes revertendo a eles, ou a seus habentes-*causa*, a plena posesión das obras.

II. Transcorrido o período citado sen que os comodantes houberan instado acción de reversión dos bens prestados como consecuencia do incumprimento das obrigas e condicións asumidas, o Excmo. Concello de Vigo restituirá a obra pictórica; non obstante, chegado ese día, os comodantes obríganse a ofertar doazón ao obxecto de que o Concello adquira a propiedade da obra pictórica; en tal suposto o Excmo. Concello de Vigo adoptará acordo expreso de aceptación afectando de maneira permanente a totalidade dos cadros e debuxos de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS ao patrimonio público, pictórico e cultural da Cidade de Vigo e a realizar cantas actuacións sexan precisas en orde a fomentar o nome e a obra de D. MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS, neste sentido o Concello procurará expoñer a obra doada no inmovible citado na Condición Cuarta ou noutro considerado idóneo.

III. Durante a vixencia do presente contrato o Concello de Vigo obrigarase a instar da Concellería competente da Xunta de Galicia, inicio de expediente para incluír á colección comodada no "Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia"; a denegación da incoación polo órgano autonómico competente ou a ausencia da catalogación instada imposibilitará a oferta de doazón pactada.

IV. No caso de denegación de expediente de incoación para declarar a colección comodada en calquera das categorías sinaladas na Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia -ou calquera outra que a substitúa- ou no suposto de que, incoado o expediente, a colección, en Resolución que adquira firmeza tras os correspondentes recursos administrativos ou contenciosos - administrativos que pouderan interpoñerse, non obtivera a catalogación ou declaración pretendida manteráse o Comodato ofertado no apartado I desta Cláusula; nesta hipótese o Concello de Vigo non resultará obrigado a cumprir as Cláusulas SEXTA, SÉTIMA E OITAVA deste contrato, sendo os importes nelas sinalados da súa libre apreciación e cálculo.

V. En todo caso, os no seu día doantes e os seus habentes-*causa* manterán os dereitos morais que o vixente Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, de Propiedade Intelectual -ou calquera outra norma que o substitúa- confire ós que resultan titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre obras doadas.

SEGUNDA. I. Integran o comodato os seguintes óleos e debuxos.

OLEOS

REF.	TITULO	TÉCNICA	MEDIDAS	DATA	VALORACIÓN GALERÍA MONTENEGRO
318	Autorretrato	Óleo sobre tela	46x38 cm	1937	5.000,00
69	Campesinos	Óleo sobre táboa	119x48 cm	1928	25.000,00
138	A morte	Óleo sobre táboa	128,5x78,5 cm	1928	25.000,00
137	Mineiros	Óleo sobre táboa	98x121 cm	1929	40.000,00
145	La siega	Óleo sobre lienzo	81x100 cm	1930	40.000,00
101	La huida	Óleo sobre lienzo	100x130 cm	1970-76	35.000,00
265	Labranza	Óleo sobre táboa	101x132 cm	1931	65.000,00
159	O soño	Óleo sobre táboa	66x82 cm	1933	27.000,00
121	Composición	Óleo sobre cartón	22x78 cm	1938	5.000,00

169	Tres gracias	Óleo sobre táboa	50x65 cm	1941	24.000,00
140	Mulleres e mar	Óleo sobre lienzo	80x100 cm	1947-50	30.000,00
92	Floreiros	Óleo sobre lienzo	61x50 cm	1953-60	18.000,00
80	Paisaje con figura	Óleo sobre lienzo	60x74 cm	1949-50	27.000,00
160	Paixaxe de París	Óleo sobre táboa	27x35 cm	1950	10.000,00
4	O pan	Óleo sobre táboa	33x42 cm	1955-58	10.000,00
237	Rincón do estudio	Óleo sobre lienzo	100x65 cm	1959	40.000,00
97	Tres gracias	Óleo sobre táboa	65x81 cm	1968-70	27.000,00
290	El pintor y la modelo	Óleo sobre lienzo	81x100 cm	1974-76	27.000,00
3	Paisaje de Castilla	Óleo sobre táboa	36x56 cm	1952	12.000,00
323	La guerra	Óleo sobre lienzo	114x146 cm	1963-70	30.000,00
105	Panadeiras	Óleo sobre lienzo	131x181 cm	1960-62-64	72.000,00

“OS DESASTRES DA GUERRA”

REF.	TITULO	TÉCNICA	MEDIDAS	DATA	VALORACIÓN GALERÍA MON- TENEGRO
5228	La guerra Sen título	Tinta	32,6x25 cm	1937	2.500,00
5230	La guerra Sen título	Tinta	36,5x26,9 cm	1937	3.000,00
5237	La guerra Sen título	Tinta	26,5x22,5 cm	1938	2.500,00
5238	La guerra Sen título	Tinta	27,5x21,5 cm	1940	3.000,00
5243	La guerra Sen título	Tinta	25x36 cm	1938	2.500,00
5244	La guerra Sen título	Tinta	25x16,3 cm	1938	2.000,00
5245	La guerra Horrores de la guerra	Tinta	25x32,3 cm	Sen data Ca. 1940	3.000,00
5246	La guerra Sen título	Tinta	27x36,5 cm	1937	3.000,00
5247	La guerra Sen título	Tinta	38x28 cm	1937	2.500,00
5248	La guerra Sen título	Tinta	27x36,5 cm	1937	3.000,00
5251	La guerra Sen título	Tinta	21,5x27,5 cm	1937	1.500,00
5252	La guerra Sen título	Tinta	31,5x25 cm	1937	2.500,00
5253	La guerra Sen título	Lápiz	28x21 cm	1936	2.500,00

5254	La guerra Sen título	Tinta	21,5x22,5 cm	1937	3.000,00
5255	La guerra Sen título	Tinta	21,5x22 cm	1937	3.000,00
5256	La guerra Sen título	Lápiz	16x15,5 cm	1938	2.000,00
5257	La guerra Sen título	Tinta	24x31,6 cm	Sin firma	3.000,00
5258	La guerra Recordos	Tinta	32,5x24,5 cm	1937	3.000,00
5260	La guerra Sen título	Tinta	27x36,5 cm	1937	3.000,00
5262	La guerra Sen título	Tinta	36,5x26,9 cm	1937	3.000,00
5263	La guerra Sen título	Tinta	25x32,7 cm	Sen data Ca. 1937	3.000,00
5265	La guerra Sen título	Tinta	26,5x39 cm	1937	3.000,00
5266	La guerra Terror en Galicia	Tinta	13,5x8,5 cm	1936	2.000,00
5267	La guerra Terror en Galicia	Tinta	10,5x15,8 cm	1936	2.000,00
5268	La guerra Terror en Galicia	Tinta	10,5x15,8 cm	1936	2.000,00
5269	La guerra Galicia	Tinta	32x24,2 cm	1936	3.000,00
5271	La guerra Galicia	Tinta	32x4 cm	1936	3.000,00
5272	La guerra Sen título	Tinta	24,2x14,2 cm	1936	2.000,00
5261	La guerra Recordos	Lápiz	36,7x33,5 cm	1937	3.000,00
5249	La guerra Sen título	Tinta	26,5x36,5 cm	1937	3.000,00
6242	La guerra Sen título	Lápiz	22x30 cm	Sen data	1.000,00
6243	La guerra Sen título	Carboncillo	23,5x31 cm	1937	1.000,00

OBRA SOBRE PAPEL

REF.	TÍTULO	TÉCNICA	MEDIDAS	DATA	VALORACIÓN GALERÍA MONTENEGRO
5001	Sen título	Acuarela/papel	26,5x37 cm	1936	3.000,00
5005	Sen título	Tinta	24x34 cm	1945	3.000,00
5008	Sen título	Lápiz	32x24 cm	1944	2.000,00
5009	Sen título	Lápiz	24x32 cm	1947	2.000,00
5010	Sen título	Técnica Mixta	47x34 cm	1960	4.000,00
5014	Sen título	Tinta	48x32 cm	1961	3.000,00
5015	Sen título	Tinta	32x47 cm	1958	3.000,00
5016	Sen título	Tinta	55x38 cm	1950	2.500,00
5018	Sen título	Tinta	47x57 cm	1949	2.500,00
5019	Sen título	Tinta	45x56 cm	1949	3.000,00
5024	Muller	Tinta	35x25 cm	1946	2.500,00
5025	Sen título	Pastel	56x45 cm	1970	3.000,00
5042	Paisaxe da Coste-la (O Relo)	Lápiz	47x69 cm	1950	4.000,00
5043	Costela, O Relo, Galicia	Lápiz	48x69 cm	1949	3.000,00
5047	Mujer con frutas	Bolígrafo	31x21 cm	1954	2.500,00
5051	Sen título	Lápiz	38x28 cm	1946	2.000,00
5062	Sen título	Mixta	50,5x66,5 cm	1950	4.000,00
5071	Notre Dame, París	Tinta	28x38 cm	Sen data Ca. 1960	3.000,00
5083	Sen título	Lápiz	23x28 cm	1954	2.500,00
5095	Sen título	Tinta	51x44 cm	1960	3.000,00
5103	Estudio de piedras	Tinta	52x65 cm	1952	3.000,00
5105	Hilanderas	Lápiz	50x45 cm	1928	3.000,00
5172	Minotauro	Mixta	32x46,5 cm	1953	3.000,00
5176	Minotauro	Tinta	22,5x28 cm	1954	2.000,00
5220	Sen título	Lápiz	29x37,7 cm	1930	2.000,00
5223	Autorretrato	Carbón	55x37 cm	1937	2.500,00
5285	Estudio para La Ofrenda	Lápiz	25,5x22,2 cm	1942	2.000,00
5293	Sen título	Lápiz	23,7x33,6 cm	1931	2.500,00
5296	Maternidade	Lápiz	32,2x23,5 cm	1933	2.500,00
5302	Sen título	Lápiz	25,5x34,4 cm	1934	2.500,00
5317	Sen título	Tinta	21,2x23 cm	1944	2.500,00
5324	Mujer con florero		32x23 cm	1954	2.500,00
5325	Rapto Europa	Tinta	50,2x32,5 cm	1950	2.500,00
5329	Sen título	Tinta	46,2x32,5 cm	1950	3.000,00

5338	Orfeo	Tinta	33x25 cm	1950	2.000,00
5351	Jupiter	Tinta	43,5x32,5 cm	1950	2.500,00
5373	Autorretrato	Carbón	47x33,5 cm	1938	2.000,00
5380	Sen título	Tinta	51x65,5 cm		2.500,00
5381	Sen título	Tinta	50x65,5 cm	1971	3.000,00
5393	Pont Royal, París	Lápiz	45x56,5 cm	1951	3.500,00
5409	El pintor y la modelo	Técnica mixta	50x60 cm (Nota)	1973	4.000,00
5419	Sen título	Lápiz	30x39 cm	1925	2.500,00
5426	Sen título	Lápiz	30x38 cm	1924	2.500,00
5437	Hilando	Lápiz	32,5x31 cm	1928	2.500,00
5460	Sen título	Tinta	47,5x63 cm	1949	4.000,00
5472	Emilia	Lápiz/bolígrafo	63,5x48 cm	1947	2.500,00
5474	Sen título	Técnica mixta	47x65 cm	1934	4.000,00
5487	Puerto de Vigo	Lápiz	22x32 cm	1933	2.500,00
5537	El Minotauro	Mixta	58x43,5 cm	1953	3.000,00
5717	Mujer con florero	Técnica Mixta	22x15,5 cm	1964	2.000,00
5477	Sen título	Carboncillo	30x23 cm	1931	2.500,00
5869	Sen título	Tinta	62x48 cm	1960	2.500,00
5881	Sen título	Tinta	47x67 cm	1933	4.000,00
5892	Sen título	Lápiz	26,5x23,5 cm	1933	2.000,00
5912	Proyecto para mural	Acuarela y tinta	21x93 cm	1930	18.000,00
5926	Sen título	Carboncillo	22,2x27 cm	1930	2.500,00
5943	La vaca	Carboncillo	22,8x27 cm	1934	2.000,00
5955	Panaderas	Tinta	52x64 cm	1961	3.500,00
5956	Sen título	Tinta	50x65 cm		3.000,00
5959	Paisaje de Galicia	Tinta	56,5x45,5 cm	1950	3.000,00
5972	Sen título	Técnica Mixta	37,5x55,5 cm	1951	3.000,00
6032	Sen título	Carboncillo	52x60 cm	1934	3.000,00
6052	Sen título	Acuarela	47x67,8 cm	1971	3.000,00
6057	Sen título	Tinta china	56x46,5 cm	1958	3.000,00
6058	Sen título	Tinta	46,5x69,5 cm	1967	3.000,00
6075	Sen título	Carboncillo	33x25,3 cm	1928	2.000,00
6116	Sen título	Tinta china	33x25,3 cm	1932	2.500,00
6178	Sen título	Tinta	23,5x65,5 cm	1931	4.000,00

EL DIBUXO DA PORTADA

REF.	TÍTULO	TÉCNICA	MEDIDAS	DATA	VALORACIÓN GALERÍA MONTENEGRO
5178	Sen título	Tinta	34x23,5 cm	1935	2.000,00
5179	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	2.000,00
5178	Sen título	Tinta	34x23,5 cm	1935	2.000,00
5181	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5182	Sen título	Tinta	33,5x47 cm	1935	3.000,00
5183	Sen título	Tinta	29,5x44,5 cm	1936	3.000,00
5184	Sen título	Tinta	30x44,5 cm	1936	3.000,00
5185	Sen título	Tinta	30x44,5 cm	1936	3.000,00
5186	Bañistas	Tinta	30x44,5 cm	1936	3.000,00
5187	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5188	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5189	Sen título	Tinta	29x44,5 cm	1936	3.000,00
5190	Sen título	Tinta	29,5x44 cm	1935	3.000,00
5191	Sen título	Tinta	29,5x44 cm	1936	3.000,00
5192	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5193	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5184	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5195	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5187	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5197	Sen título	Tinta	30x44 cm	1936	3.000,00
5198	Sen título	Tinta	29,5x44 cm	1936	3.000,00
5199	Sen título	Tinta	29,5x44 cm	1936	3.000,00
5200	Sen título	Tinta	29,5x44 cm	1936	3.000,00
5201	Sen título	Tinta	29,5x44 cm	1936	3.000,00
5202	Primavera	Tinta china	30,5x44,3 cm	1936	3.000,00
5210	O baño	Tinta china	30,5x44,3 cm	1936	3.000,00

CARPETA DE MUJER CON MANTILLA

REF.	TÍTULO	TÉCNICA	MEDIDAS	DATA	VALORACIÓN GALERÍA MONTENEGRO
5017	Mujer con mantilla	Tinta	56x45 cm	1950	2.700,00
5021	Mujer con mantilla	Tinta	57x45 cm	1949	2.700,00
5147	Mujer con mantilla	Mixta	62x47 cm	1949	2.700,00
5148	Mujer con mantilla	Mixta	56x45 cm	1949	2.700,00

5149	Mujer con mantilla	Tinta	65x50 cm	1949	2.700,00
5150	Mujer con mantilla	Mixta	62,5x48 cm	1949	2.700,00
5151	Mujer con mantilla	Tinta	56,5x45 cm	1949	2.700,00
5152	Mujer con mantilla	Tinta	57x45 cm	1949	2.700,00
5153	Mujer con mantilla	Lápiz	56,5x45,5 cm	1949	2.700,00
5161	Mujer con mantilla	Tinta	57x45 cm	1949	2.700,00
5384	Mujer con mantilla	Tinta	56x45 cm	1949	2.700,00
5388	Mujer con mantilla		55,5x45 cm	1949	2.700,00
5154	Mujer con mantilla	Mixta	56,5x45 cm	1949	2.700,00
5155	Mujer con mantilla	Mixta	62x49 cm	1949	2.700,00
5156	Mujer con	Tinta	57x45 cm	1951	2.700,00
5089	Mujer con mantilla	Tinta	56,5x45 cm	1949	2.700,00
5531	Mujer con mantilla	Tinta	56x45 cm	1949	2.700,00
5532	Mujer con mantilla	Tinta	56x45 cm	1949	2.700,00
5973	Mujer con mantilla	Tinta	63,5x48 cm	1950	2.700,00

II. O Excmo. Concello de Vigo obrégase a satisfacer os gastos ordinarios que sexan de necesidade para o uso e perfecta (diligente) conservación, garda e custodia das obras prestadas; 21 óleos e 145 obras sobre papel (tinta, lapis, carboncillo ...), delas, 32 correspondentes á serie "Horrores da Guerra" e 113 a diferentes temáticas; así mesmo satisfará os gastos que resulten necesarios derivados do uso normal (exposición).

III. Os gastos extraordinarios para a conservación da obra artística comoditada serán aboados polos comodantes; consideraranse gastos extraordinarios os deterioros que non procedan do uso natural das obras e sexan indispensables para a súa conservación, neste suposto o Concello, antes de facelos, poñeraos en coñecemento de D^a Elena Mercedes Colmeiro González ou dos seus habentes-causa. Entenderase denegada a autorización do gasto no suposto de que o Concello non obtivera resposta positiva por calquera medio que permita ter constancia no prazo de vinte días naturais.

TERCEIRA. *As pezas relacionadas entregaranse ao Excmo. Concello no prazo dos corenta días seguintes ao de sinatura do presente documento prorrogables por outros trinta mais; no suposto de que no período mencionado non se materializara a entrega o comodato quedará sen efecto sendo de conta dos comodantes calquera gasto no que tivese concurrido ao Concello desde a presentación da oferta.*

O Excmo. Concello asume a totalidade dos gastos que sexan consecuencia do traslado da obra doada incluíndo os da póliza de seguro (“póliza cravo a cravo”) que, a efecto de tal transporte, subscriba; o traslado realizarase desde actual situación da obra comodatada ata a Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego (antigo Pazo de Arias Taboada), sen prexuízo de que parte das obras entregadas sexan depositadas na Sá de Conservación e Custodia do Museo de Arte Contemporáneo de Vigo abicado na rúa Príncipe da Cidade de Vigo (Fundación MARCO).

Da entrega formalizarase Acta de Recepción subscribindo a mesma en representación do Excmo. Concello de Vigo, D. José Ballesta De Diego, Director do Museo Municipal de Castrelos; a dita Acta, ademais da acreditación documental das obras comodatadas, achegárase reportaxe fotográfica da totalidade das pezas que mostrará exhaustiva e documentalmente o estado de conservación das mesmas.

Os comodantes poderán instar, coa a antelación necesaria, que a entrega se acredite mediante Acta Notarial sendo neste caso os gastos da mesma do Excmo. Concello de Vigo.

CUARTA. O Excmo. Concello de Vigo obrígase a localizar de modo permanente e en exclusiva no terceiro andar da Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego (antigo Pazo Arias Taboada) a totalidade da obra prestada e en todo caso os vinte un óleos mencionados e descritos na Cláusula Segunda; o Concello de Vigo non destinará as obras pictóricas a uso distinto do sinalado; no suposto de que o espazo físico citado sexa insuficiente para os fins pretendidos o resto da obra se localizará e custodiará na Sá de Conservación do Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, non obstante se contemplarán rotacións no suposto que no espazo citado non teña cabida física á totalidade da obra prestada; as partes consideran por sempre que tales inmobles reúnen os requisitos idóneos de conservación en canto seguridade, humidade e ventilación. O Concello de Vigo non responderá dos deterioros que sobrevengan nas obras pictóricas polo só efecto do uso e sen que medie culpa sempre que para iso se teña posto a dilixencia debida.

O traslado parcial ou total da obra, cando sexa consecuencia de cesión temporal a outros museos ou institucións, requirirá autorización escrita da comodante Elena Mercedes Colmeiro González ou dos seus habentes-causa.

Non obstante o sinalado no primeiro parágrafo, no suposto de que o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación MARCO decidan reorientar e potenciar a actividade artística que na actualidade se expón no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo localizado na rúa Príncipe da Cidade de Vigo, a obra exhibirase en tal inmovible nun lugar ou sala a decidir polo Comité Paritario de Seguimento. En ningún caso tal exhibición supoñerá a partición dos vinte un óleos mencionados que serán expostos conxuntamente e na súa totalidade.

QUINTA. O Excmo. Concello de Vigo, ten subscrito “seguro todo risco” respecto do depósito e custodia da obra entregada no que consta, sen prexuízo da súa valoración peza a peza (obra a obra), un capital asegurado por un valor de 1.006.000 euros; achégase como Anexo nº 1 o presente contrato copia autenticada da póliza de seguro subscrita a tal fin; na póliza se fai constar expresamente que en caso de sinistro total ou parcial serán beneficiarios da indemnización que corresponda aos comodantes ou aos seus habentes-causa.

O Excmo. Concello de Vigo comprométese a renovar e manter vixente durante o prazo sinalado na Cláusula Primeira a Póliza mencionada.

Os comodantes manifestan expresamente neste acto a súa plena conformidade e satisfacción co contido da Póliza.

SEXTA. O Excmo. Concello de Vigo considera necesario reivindicar a figura e persoa de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS, a tal fin no período sinalado na Cláusula Primeira, obrígase a realizar cada ano natural a partires do ano 2018 e concluíndo no ano 2027, unha actividade relevante de carácter cultural relacionada directa ou indirectamente coa persoa e obra do artista que poderá ter, entre outros, o seguinte contido:

- Exposicións de artes plásticas.
- Celebración de cursos, conferencias e/ou seminarios.
- Concurso de premios de artes plásticas. ("Premios Manuel Colmeiro Guimarás")
- Publicación de traballos de investigación e/ou divulgación.
- Edición de catálogos.

O proxecto de actividade, coa súa Memoria e orzamento pormenorizado, non será inferior a cantidade de 30.000.- euros nin superior á de 50.000.- euros, será proposto ao Excmo. Concello de Vigo polo Comité Paritario de Seguimento previsto na Cláusula Décimo Segunda deste documento; a reunión na que se efectúe a proposta terá lugar no ano anterior á celebración da mesma.

As cantidades sinaladas serán obxecto de incremento ou minoración segundo resulte cada ano do Índice de Prezos ao Consumo referido á Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outro de similar carácter que o substitúa.

SÉTIMA. O Excmo. Concello de Vigo, no período sinalado na Cláusula Primeira, e no suposto de que os descendentes legais de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS constituían a Asociación que seguidamente se cita, comprometerase a incluír nos Orzamentos Xerais Municipais de cada ano (período 2018-2027) unha subvención nominativa a nome de tal Asociación sen ánimo de lucro (ou ente de similar carácter) que teña por obxecto e finalidade esencial, entre outros, o estudo da obra e figura de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS.

OITAVA. A Asociación mencionada na cláusula anterior, cos fondos de subvención percibidos, promoverá accións en orden a promover a formación necesaria a estudosos acreditados capaces de expertizar a obra de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS e certificar a súa autenticidade, así mesmo poderá promover becas de investigación (Becas Manuel Colmeiro Guimarás); sen prexuízo da fiscalización municipal en canto á xustificación do importe percibido se refire, será o Comité Paritario de Seguimento quen manteña contacto coa Asociación co obxecto de alcanzar os fins pretendidos entre os que priorizarse a confección dun CATÁLOGO RAZOADO da obra de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS.

Ós fines citados o importe, da subvención nominativa non será inferior á cantidade de 10.000.- euros, nin superior á de 20.000.- euros.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser destinado a gastos xerais ou de funcionamento da Asociación, debendo ser aplicados exclusivamente á realización de actividades propias da mesma (formación necesaria a estudosos capaces de expertizar a obra e outros de análogo carácter)

NOVENA. O comodato poderá ser revogado polos comodantes, ou seus habentes-causa, no caso de que o Excmo. Concello de Vigo incumpra as obrigas e condicións previstas neste documento; en concreto serán causa de revogación os seguintes incumprimentos.

- Incumprimento da obriga de instar da Consellería competente da Xunta de Galicia a declaración de “Ben de Interese Cultural” da obra comodatada.
- Incumprimento da obriga da perfecta conservación, garda e custodia das obras.
- Incumprimento da obriga de expoñer ao público na Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego a totalidade da obra comodatada.
- Incumprimento da obriga de poñer a disposición dos estudosos, investigadores e outros interesados a totalidade da obra comodatada.
- Incumprimento da obriga de renovar e manter vixente durante o prazo sinalado na Cláusula Primeira a Póliza de Seguro mencionada na Cláusula Quinta.
- Incumprimento da obriga de realizar cada ano natural unha actividade relevante de carácter cultural relacionada directa ou indirectamente coa persoa e obra do artista Manuel Colmeiro Guimarães.
- Incumprimento da condición de incluír nos Orzamentos Xerais Municipais de cada ano, unha vez se constitúa a Asociación mencionada na Cláusula Sétima, unha subvención nominativa a nome de tal Asociación, ou de calquera outro ente de similar carácter, que teña por obxecto, entre outros, o estudo da obra e figura do pintor MANUL COLMEIRO GUIMARANS

No caso de producirse a revogación do comodato ou, no suposto de incapacidade ou falecemento, serán os habentes-causa, os que decidan o destino dos bens.

DÉCIMA. Os comodantes obríganse a restituír o Excmo. Concello de Vigo a totalidade das cantidades invertidas ou satisfeitas como consecuencia do cumprimento das Cláusulas Sexta, Sétima e Oitava no suposto de que antes da conclusión do prazo pactado, por urxente necesidade, e sen mediar causa de resolución por incumprimento, se pretenda recuperar a totalidade ou unha parte significativa da obra prestada.

Considerarase “urxente necesidade” as necesidades económicas imprevistas e extraordinarias que deban asumir os comodantes coma consecuencia de pactos con terceiros, especialmente referidos a cuestións relacionadas coa saúde e que podan ser satisfeitas mediante a venda de determinadas obras pictóricas comodatadas.

DÉCIMO PRIMEIRA. O Excmo. Concello de Vigo favorecerá o intercambio cultural e museístico con outras Institucións polo que poderá ceder por tempo non superior a seis meses calquera das obras comodatadas previa autorización de D^a Elena Mercedes Colmeiro González o dos seus habentes-causa.

Entenderase outorgada a autorización no suposto de que o Concello inste formalmente a autorización e non se obtivera resposta negativa por calquera medio que permita ter constancia no prazo de vinte días naturais.

No suposto de que as cesións mencionadas sexan onerosas os froitos de tal onerosidade corresponderán ós comodantes.

DÉCIMO SEGUNDA. Co propósito de fiscalizar o cumprimento das obrigas esixidas; co fin de propoñer ao Excmo. Concello de Vigo a actividade cultural sinalada na Cláusula Sexta deste documento e co obxecto de promover accións en orde a prover da formación neces-

aria a estudosos acreditados capaces de expertizar a obra de D. Manuel Colmeiro Guimará, crease un Comité Paritario de Seguimento que estará integrado por dous representantes de cada unha das partes; o Comité, que tamén terá funcións consultivas, reunirse na Pinacoteca Municipal tódolos primeiros luns de cada mes de setembro e terá dereito a ser informado de cantas actuacións inherentes á obra comodada se teñan realizado. Non obstante ao exposto, o Comité, de común acordo, poderá modificar o día reunión sinalado.

Actuará como secretario do Comité, con voz, pero sen voto, quen o sexa do Pleno do Excmo. Concello de Vigo, a estes efectos redactará Acta sucinta de cada sesión que será asinada por tódolos asistentes a súa finalización. Custodiará o Libro de Actas.

A reunión na que se propoñerán as actividades correspondentes ao ano 2018, terá lugar o segundo luns do mes de xaneiro de 2018.

DÉCIMO TERCEIRA. As partes obríganse reciprocamente a elevar a público o presente documento sendo de conta do Excmo. Concello de Vigo os gastos que se deriven incluídos os de natureza tributaria.

DÉCIMO CUARTA. Para as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse da interpretación e aplicación do presente contrato ambas partes, renunciando ao seu propio foro, sométense expresamente á xurisdición civil dos Xulgados e Tribunais da Cidade de Vigo.

E, en proba de conformidade as partes asinan o presente contrato en triplicado exemplar no lugar e data indicados.

6(1086).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “5ª EDICIÓN VIGO CONTRA EL CÁNCER” O DOMINGO 22 DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 16393/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/10/17, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade técnica, o secretario Admón. Municipal, e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Vigo contra el cáncer, con CIF (G-327804376), solicitou o día 03-05-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170062690), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 5º edición VIGO CONTRA EL CÁNCER
- Data: 22 de outubro de 2017
- Horario: 10.00 a 13.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo 22 de outubro de 2017, a proba terá a súa saída dende a Avda de Castelao a partir das 10.50h, para seguir pola rúa Porriño, Padre Seixas, Florida, Praza de América, para seguir pola Avda de Castelao onde rematará.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento ao servizo de Limpeza e a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Vigo contra el cáncer, con CIF (G-327804376), a organizar o vindeiro domingo 22 de outubro de 2017, o evento deportivo denominado 5º edición VIGO CONTRA EL CÁNCER, a proba comenará ás 10.00h e rematará ás 13.00, tendo o seguinte percorrido: Avda de Castelao, para seguir pola rúa Porriño, Padre Seixas, Florida, Praza de América, continuar pola Avda de Castelao onde rematará a proba.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1087).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO 22º EDICIÓN CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL O DOMINGO 22 DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 15913/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/17, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade técnica, o secretario Admón. Municipal, e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Agrupación Colexio El Castro, con CIF (G-36657856), solicitou o día 10-03-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170062686), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 22º edición CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL
- Data: 22 DE OUTUBRO DE 2017
- Horario: 08.00H A 15.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **domingo 22 de outubro de 2017**, a proba se desenvolverá integramente no Parque de Castrelos nun horario comprendido entre as 8.00h e as 15.00h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Agrupación Colexio El Castro, con CIF (G-36657856), a organizar o vindeiro domingo 22 de outubro de 2017, o evento deportivo denominado 22º edición CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL, a proba se desenvolverá integramente no Parque de Castrelos de 8.00h a 15.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1088).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN IGUALARTE PARA A EXENCIÓN DE PAGO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DE BERBÉS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO A PERSOAS CON NECESIDADES ESPECIAIS. EXPTE. 1477/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/09/17, e o informe de fiscalización do 6/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/17, asinado polo xefe da Unidade técnica, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 1477/611 sobre a proposta de Convenio de Colaboración entre a Concellería de Deportes e a Fundación Igualarte pola utilización de instalacións deportivas municipais, e tendo en conta o informe de intervención de data 6 de Outubro de 2017, procede informar, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

a) A Entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os seus monitores, conforme o Real Decreto 1110/2015 de 11 de Decembro, tal e como se esixe o artigo 13,5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de Xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

En relación o punto a) incorpórase a documentación vixente da certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

A Fundación Igualarte solicita a realización das actividades correspondentes a súa actividade deportiva nas instalacións deportivas municipais. Esta entidade non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento da súa actividade deportiva.

A Fundación Igualarte, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Fundación Igualarte ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con discapacidade, a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interese común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida pola Fundación Igualarte considerando que ademais esta entidade conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interese do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a con estes colectivos, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinada pola Fundación Igualarte, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva neste ámbito.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca Fundación Igualarte. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Fundación Igualarte conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e

control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase o uso dunha instalación pola Fundación Igualarte para as actividades pertencentes o seu proxecto deportivo, na instalación do pavillón polideportivo de Berbés.
- b) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c) A Fundación Igualarte, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d) A Fundación Igualarte, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) A Fundación Igualarte, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Bebés nos horarios seguintes:

Días	Horario
Derradeiro Venres de cada mes	Venres de 10:00 a 13:00

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de xullo do ano 2018. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Fundación Igualarte, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un

total de 30 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 238,50 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:
A Fundación Igualarte, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Fundación Igualarte para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Berbés, que ascende a 238,50 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado "A,4" do artigo 5 "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52"

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1477/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUALARTE POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BERBÉS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO AS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez

Doutra parte Dna. Maria Cristina Lago Pérez con Dni 36143539-M, como presidenta da Fundación Igualarte con CIF G-3627524, tal como acredita.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Fundación Igualarte, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Fundación Igualarte ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con discapacidade, a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

1.- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Fundación Igualarte nas instalacións Municipais do Pavillón de Berbés.

2.- A Fundación Igualarte, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 30 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 238,50 €.

3.- A Fundación Igualarte comprométese a desenvolver o Programa de Actividade Física nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Berbés nos horarios e datas establecidos no presente convenio.

4.- A Fundación Igualarte presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.

5.- A Fundación Igualarte é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.

6.- A Fundación Igualarte comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade.

7.- A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.

8.- A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes.

9.- Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados o programa de actividades, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición deste programa de actividade física.

10.- Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.

11.- A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.

12.- A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicárase a entidade esta anulación.

13.- A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para a tempada 2017-2018 ata o 31 de Xullo de 2018, a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

Días	Horario
Derradeiro Venres de cada mes	Venres de 10:00 a 13:00

14.- No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ___ de _____ de 2017

9(1089).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO TENIS NA CIDADE DE VIGO- TEMPADA 2017/2018. EXPTE. 1480/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/09/17, e o informe de fiscalización do 27/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/10/17, asinado polo xefe da Unidade técnica, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 13 de Setembro de 2017 asínase o informe xurídico favorable.

Con data 27 de Setembro de 2017 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:

a) A entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os seus monitores, actualizadas, conforme ao Real Decreto 1110/2015 de 11 de decembro, tal e como esixe o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

b) Debe incorporarse ao expediente certificado acreditativo de que a Federación está ao corrente coas obrigas tributarias co Concello.

En relación o punto a) e punto b) incorpórase documentación vixente coas certificacións negativas dos monitores, e coas obrigas tributarias co concello.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

A Federación Galega de Tenis (FGT), é unha entidade de utilidade pública, cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademais, a FGT ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar, e un patrimonio propio e independente daqueles seus asociados, e réxese polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia; polas demais disposicións legais que lle sexan aplicables, e polo establecido nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos.

Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do tenis e a de colaborar coa Administración deportiva de Ga-

licia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte do tenis na idade escolar.

Por outro lado, a Concellería de Deportes, define como accións prioritarias todas aquelas que busquen a promoción da practica deportiva na cidade, polo cal considerase adecuado propoñer a colaboración entre estas dúas entidades co fin de poder mellorar a oferta deportiva xeral da Cidade.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia Federación Galega de Tenis. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Federación Galega de Tenis conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- 1.- Buscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da actividade de Tenis no Complexo deportivo de Samil na cidade de Vigo.
- 2.- Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades concretas semanais derivadas da competición federada escolar de ámbito local e en función da dispoñibilidade de instalacións.

3.-A entidade organizadora da Federación Galega de Tenis, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.

4.- A entidade organizadora, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.

5.-A Federación Galega de Tenis, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

6.- En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción deberán empregar o “galego”.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación de Samil nas pistas 1-2 e 3, nos horarios seguintes:

Días	Horario
De Luns a Domingo	9:00 h a 22:00 h

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de Setembro do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Federación Galega de Tenis, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 13.533 horas durante a duración do convenio en 347 días, unha pista cun total de 4511 horas de 1º categoría a 7,95 € a hora e dúas pistas cun total de 9.022 horas de 2º categoría a 5,45 horas, e que ascende ó importe estimado de 85.032,35 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Federación Galega de Tenis, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a a Federación Galega de Tenis para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización de tres pistas de tenis na instalación de Samil, que ascende a 85.032,35 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado “A,4” do artigo 5 “Exencións e Bonificación” das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52”.

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1480/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS POLA UTILIZACIÓN DE TRES PISTAS DE TENIS NA INSTALACIÓN MUNICIPAL DE SAMIL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO TENIS “PROGRAMA MUNICIPAL PRACTICA TENIS 2017-2018”

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.

Doutra parte D. Jose Antonio Pereiro Rodríguez, con DNI: 33323238-X, como Presidente da Federación Galega de tenis con CIF:G-15102767

MANIFESTAN QUE

Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, xestiona a infraestrutura deportiva da cidade e que de forma xeral desenvolve programas de promoción deportiva en tódolos ámbitos.

Que ambas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva de Tenis.

Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación dun proxecto deportivo de tenis nas Instalacións Deportivas de Samil.

Por outra banda, a Federación Galega de Tenis é unha entidade privada con personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar, e teñen a consideración de entidades de utilidade pública nos termos establecidos na lexislación vixente, cuxo ámbito de actuación exténdese ao termo da Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento das competencias que lle son propias.

Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do tenis e a de colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte do tenis na idade escolar.

Tal como establece a Lei 3/2012, de 2 de abril, del Deporte de Galicia, corresponderá ás Federacións Deportivas Galegas, con competencia exclusiva na súa modalidade deportiva, entre outras, colaborar coas administracións públicas e coa Federación Española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas na promoción das súas respectivas modalidades.

As actuacións de colaboración das administracións Locais con entidades promotoras do deporte e a A..F, vinculadas ó desenvolvemento de programas de promoción ou a dinamización e tecnificación relacionados co ámbito federativo do deporte, pode contribuir a mellorar o nivel deportivo dos e das deportistas da cidade, a consolidar a Vigo como unha das poboacións que lideran a promoción do deporte na comunidade Galega e a evitar que os e as deportistas Vigueiros teñan que desprazarse a outras poboacións para desenvolver estes programas.

Tendo en conta o interese común reflexado nos estatutos de ambas entidades polo desenvolvemento de proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte, neste caso o tenis, atendendo á proposta remitida pola Federación Galega de Tenis, na que plantexa o desenvolvemento dun programa de dinamización do tenis nas pistas ubicadas no Complexo Municipal de Samil, e que ademais a FGT conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e considerando o interese do Concello de Vigo por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a saúde e ó ocio, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións para o desenvolvemento dun programa conxunto de dinamización do Tenis coordinado pola Federación Galega de Tenis e tutelado pola Concellería de Deportes, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte-saúde e do deporte-ocio.

Polo todo o que vai dito, procede asinar un convenio de colaboración que articule o desenvolvemento do programa, e que rexirase polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

A Federación Galega de Tenis como organizadora comprométese a:

- 1) Desenvolver un programa de dinamización do tenis no complexo municipal de Samil "Programa Municipal Practica Tenis", orientado á formación e a práctica saudábel desta modalidade. A proposta da FGT deberá abarcar os apartados de promoción, formación e tecnificación da modalidade de tenis, para o que se adxuntará a este convenio o desenvolvemento do proxecto, onde se recollerán os importes que a FGT repercutirá nos usuarios das actividades propostas co obxectivo de conseguir o equilibrio orzamentario. Dita proposta deberá ser presentada a Concellería de Deportes anualmente no mes de xuño.*
- 2) Elaborar un programa xeral de difusión do tenis da cidade cun formato e imaxe autorizado pola Concellería de Deportes e incluír a actividade nos medios de difusión que a Federación utilice (Web...).*
- 3) Atender as suxerencias e propostas transmitidas polos técnicos da Concellería de Deportes*

- 4) *Utilizar as pistas de tenis 1, 2 e 3 do complexo municipal de Samil única e exclusivamente para o desenvolvemento das actividades propostas no programa de actividades de acordo cos horarios, fins e obxectivos mencionados na memoria do convenio.*
- 5) *Entregar mensualmente a planificación de usos das instalacións.*
- 6) *No caso de ser necesaria a utilización doutros espazos para o desenvolvemento das actividades deportivas, a FGT solicitará na oficina de programación da Concellería de Deportes o uso destes outros espazos.*
- 7) *Suscribir anualmente unha póliza de responsabilidade civil sobre as actividades coas coberturas e alcance necesarias, asumindo tódalas responsabilidades vinculadas á organización do programa, para o cal cumprirá tódolos requisitos de seguridade obrigatorios para a actividade.*
- 8) *Cumprir coa lexislación vixente en materia laboral no referente ó persoal destinado ó desenvolvemento das actividades vinculadas ó programa de actividades, asumindo a responsabilidade en calquera cuestión vinculada ó persoal docente, sen que este teña relación laboral algunha ca Concellería de Deportes.*
- 9) *Realizar e entregar na Concellería de Deportes, unha memoria sobre as actividades desenvolvidas, que deberá incluír; descripción da actividade, materiais utilizados, nº de participantes, valoración das actividades, así como outros apartados que se consideren de interés. A FGT entregará na Concellería de Deportes a memoria final da actividade na que reflexará tanto os datos deportivos como o resultado económico do desenvolvemento do programa.*
- 10) *Notificar ó persoal da Concellería de Deportes calquera incidencia ou necesidade derivada do uso das instalacións coa maior axilidade posible.*
- 11) *Informar a Concellería de Deporetos do persoal que a FGT destine ó desenvolvemento do programa, identificando ó responsable e coordinador das actividades. A FGT comunicará por escrito calquera modificación da identidade deste persoal.*
- 12) *A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes previa á sinatura do convenio.*
- 13) *Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados o programa de actividades, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición deste programa de actividade física.*
- 14) *Notificar calquera cambio no persoal docente ou na estruturación das actividades, horarios...*
- 15) *Colaborar ca Concellería de Deportes no desenvolvemento das actividades deportivas que se promovan.*

A Concellería de Deportes de Vigo como entidade colaboradora comprométese a:

- a) *Proceder á reserva sen cargo das pistas de tenis 1, 2 e 3 ubicadas no Complexo Municipal de Samil, durante a vixencia do convenio, entre as 09:00h e as 22:00h de luns*

a domingo, e sempre que o Complexo permaneza aberto ó público para o desenvolvemento do programa municipal de dinamización do Tenis "Practica Tenis", que incluíra un proxecto para a promoción e dinamización do tenis na instalación de Samil en base o apartado "A,4" do artigo 5 "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52", un total de 13.533 horas durante a duración do convenio en 347 días, unha pista cun total de 4511 horas de 1º categoría a 7,95 € a hora e dúas pistas cun total de 9.022 horas de 2º categoría a 5,45 horas, e que ascende ó importe estimado de 85.032,35 €.

- b) Asumir os gastos de mantemento e conservación das pistas utilizadas para o desenvolvemento do programa de actividades, dentro do contexto xeral do complexo deportivo de samil, agás dos que se deriven de accións u omisións negligentes por parte da FGT que ocasionen danos nas instalacións.
- c) Controlar o bo uso das instalacións a través do seu personal técnico, reservándose a capacidade de notificar e facer cumprir aquelas cuestións que considere oportunas relacionadas con este tema.
- d) A vixencia deste convenio é para as citadas actividades dende a data de sinatura do presente convenio ata o 30 de Setembro de 2018, as posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

Días	Horario
Luns a Domingo	Tres pistas de 9:00 a 22:00

- e) Para o seguimento do presente convenio formalizarase unha comisión de dous membros por cada unha das partes, para resolver tódalas incidencias non contempladas no presente documento.
- f) A sinatura do presente convenio non exclúe a posibilidade de establecer outros acordos para o desenvolvemento de actividades diferentes ás que recolle o presente convenio.
- g) No caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ____ de _____ de 2017

10(1090).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN DE TAEKWONDO NA CIDADE DE VIGO-TEMPADA 2017/2018. EXPTE. 1481/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/09/17, e o informe de fiscalización do 27/09/17, dáse conta do informe-proposta de data

17/10/17, asinado polo xefe da Unidade técnica, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo Director Deportivo.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 13 de Setembro de 2017 asínase o informe xurídico favorable.

Con data 21 de Setembro de 2017 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a actualización de documentación relacionada no seguinte punto:

- a) A entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delinquentes sexuais de todos os seus monitores, actualizadas, conforme ao Real Decreto 1110/2015 de 11 de decembro, tal e como esixe o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

En relación o punto a) incorpórase documentación vixente coas certificacións negativas dos monitores.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

A Federación Galega de Taekwondo (FGT), é unha entidade de utilidade pública, cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademais, a FGT ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar, e un patrimonio propio e independente daquel dos seus asociados, e réxese polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia; polas demais disposicións legais que lle sexan aplicables, e polo establecido nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos.

Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do taekwondo e a de colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte.

Tendo en conta o interese común reflexado nos estatutos de ambas as dúas entidades polo desenvolvemento de proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte, neste caso o taekwondo, atendendo á proposta remitida pola Federación Galega de Taekwondo, na que plantexa o desenvolvemento dun novo programa de tecnificación e formación, considerando que ademais a FGT conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interese do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados á tecnificación, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento dun programa, coordinado pola Federación Galega de Taekwondo e tutelado polo Instituto Municipal dos Deportes, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito deportivo na cidade.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais, pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia Federación Galega de Taekwondo. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Federación Galega de Taekwondo conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que o IMD non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar a actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais do convenio deben desenvolverse sobre os seguintes apartados:

- 1.- Buscase a dinamización dun programa deportivo de tecnificación a través do desenvolvemento dunha actuación de promoción da práctica do taekwondo.
- 2.- Para o desenvolvemento deste programa de tecnificación, a Concellería de Deportes facilitará o uso da instalación deportiva do Pavillón de Coia, dentro dun ámbito horario concreto e atendendo ás posibles modificacións do mesmo.
- 3.- A Federación Galega de Taekwondo, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio o desenvolvemento do programa e as tarefas básicas do control e vixianza das actividades.
- 4.- A Federación Galega de Taekwondo, a través da súa propia estrutura, se responsabilizará da correcta atención dos participantes no programa, o mesmo tempo que coordinará a utilización da instalación polos mesmos.
- 5.- A Federación Galega de Taekwondo, será a responsable da execución do programa deportivos, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- 4.- A Federación Galega de Taekwondo, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais.
- 5.- En toda a información e publicidade vinculada co desenvolvemento do programa vinculado a este convenio figurará os logos do Concello de Vigo, a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción e difusión deberán empregar o "galego".

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Coia nos horarios seguintes:

Días	Horario
Sábados	10,00h a 13,00h

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de xullo do ano 2018. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Federación Galega de Taekwondo, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 138 horas durante a duración do convenio, a 4,60 € a hora, e que ascende ó importe de 634,80 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Federación Galega de Taekwondo, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a A Federación Galega de Taekwondo para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Coia, que ascende a 634,80 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado "A,4" do artigo 5 "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52".

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1481/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE COIA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN.

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.

Doutra parte D. Juan Carlos López Eiriz, DNI 34921040W, Secretario da Federación Galega de taekwondo con Cif G-15237233 tal como acredita documentalmente, e con domicilio social no Complexo Deportivo de Elviña-Pza. Agustín Díaz, 3, en A Coruña.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calque-

ra das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Federación Galega de Taekwondo (FGT), é unha entidade de utilidade pública, cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademais, a FGT ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar, e un patrimonio propio e independente daquel dos seus asociados, e réxese polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia; polas demais disposicións legais que lle sexan aplicables, e polo establecido nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos.

Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do taekwondo e a de colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte.

Tendo en conta o interés común reflexado nos estatutos de ambas as dúas entidades polo desenvolvemento de proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte, neste caso o taekwondo, atendendo á proposta remitida pola Federación Galega de Taekwondo, na que plantexa o desenvolvemento dun novo programa de tecnificación e formación, considerando que ademais a FGT conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados á tecnificación, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento dun programa, coordinado pola Federación Galega de Taekwondo e tutelado polo Instituto Municipal dos Deportes, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito deportivo na cidade.

A Federación Galega de Taekwondo ten entre os seus fins, a creación e promoción deportiva, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- 1.- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de actividades da Federación Galega de Taekwondo nas instalacións Municipais do Pavillón de Coia.*

- 2.- A Federación Galega de Taekwondo, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 138 horas durante a duración do convenio, a 4,60 € a hora, e que ascende ó importe de 634,80 €.
- 3.- A Federación Galega de Taekwondo comprométese a desenvolver o Programa de Actividade Física nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Coia nos horarios e datas establecidos no presente convenio.
- 4.- A Federación Galega de Taekwondo presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.
- 5.- A Federación Galega de Taekwondo é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.
- 6.- A Federación Galega de Taekwondo comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade.
- 7.- A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.
- 8.- A Federación deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes previa á sinatura do convenio.
- 9.- Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados o programa de actividades, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición deste programa de actividade física.
- 10.- Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.
- 11.- A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.
- 12.- A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicarse a entidade esta anulación.
- 13.- A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para a tempada 2017-2018 ata o 31 de Xullo de 2018, a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

Días	Horario
Sábados	10,00h a 13,00h

14.- No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ____ de _____ de 2017

11(1091).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SAN FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXENCIÓN DO PAGO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE COIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE A.F. DIRIXIDO AS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO. EXPTE. 1478/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/09/17, e o informe de fiscalización do 27/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 05/10/17, asinado polo xefe da Unidade técnica, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 22 de Setembro de 2017 asínase o informe xurídico favorable.

Con data 27 de Setembro de 2017 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:

- a) Debe incorporarse ao expediente certificado acreditativo de que a Asociación San Francisco está ao corrente coas obrigas tributarias co Concello.

En relación o punto a) incorpórase documentación vixente coa certificación de esta o corrente coas obrigas tributarias co concello.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.

- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

A Asociación Galega San Francisco solicita a realización das actividades correspondentes a súa actividade deportiva nas instalacións deportivas municipais. Esta entidade non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento da súa actividade deportiva.

A Asociación Galega San Francisco, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación Galega San Francisco ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con discapacidade intelectual, a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre na modalidade de baloncesto e fútbol sala, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interese común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida pola Asociación Galega San Francisco considerando que ademais esta entidade conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interese do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a con estes colectivos, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinada pola Asociación Galega San Francisco, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva neste ámbito.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca Asociación Galega San Francisco. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Asociación Galega San Francisco conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- f) Búscase o uso dunha instalación pola Asociación Galega San Francisco. para as actividades pertencentes o seu Programa de Actividades, na instalación do pavillón polideportivo de Coia e Pavillón Central de Travesas.
- g) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- h) Asociación Galega San Francisco, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- i) Asociación Galega San Francisco, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- j) Asociación Galega San Francisco, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Coia e Pavillón Central de Travesas, nos horarios seguintes:

Días	Horario
Luns	Travesas. De 12:00 a 14:00 Baloncesto
Martes	Coia. De 12:00 a 14:00 Fútbol Sala
Mércores	Travesas. De 12:00 a 14:00 Baloncesto
Venres	Coia. De 12:00 a 14:00 Fútbol Sala

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso 2017-2018, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de Xullo do ano 2018. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Asociación Galega San Francisco, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 348 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 2.766,60 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Asociación Galega San Francisco, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Asociación Galega San Francisco para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Coia e Travesas, que ascende a 2.766,60 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado "A,4" do artigo 5 "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52"

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1478/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE COIA E DO CENTRAL DE TRAVESAS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA.

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.

Doutra parte D. Eladio Fernández Pérez, DNI: 34242673C, como representante legal da Asociación Galega San Francisco (en adiante AGASFRA) co CIF: G-36613891.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Asociación Galega San Francisco, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación Galega San Francisco ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con discapacidade intelectual, a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre na modalidade de baloncesto e fútbol sala, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- 1.- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Asociación Galega San Francisco nas instalacións Municipais do Pavillón de Coia e Central de Travesas*
- 2. -A Asociación Galega San Francisco, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 348 horas du-*

rante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 2.766,60 €.

- 3.- *A Asociación Galega San Francisco comprométese a desenvolver o Programa de Actividade Física nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Coia e Central Travesas nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*
- 4.- *A Asociación Galega San Francisco presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*
- 5.- *A Asociación Galega San Francisco é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*
- 6.- *A Asociación Galega San Francisco comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade.*
- 7.- *A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.*
- 8.- *A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes.*
- 9.- *Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados o programa de actividades, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición deste programa de actividade física.*
- 10.- *Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.*
- 11.- *A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.*
- 12.- *A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicarse a entidade esta anulación.*
- 13.- *A vixencia deste convenio é para as citadas actividades dende a data de sinatura do presente convenio ata o 31 de Xullo de 2018, as posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:*

Días	Horario
Luns	Travesas. De 12:00 a 14:00 Baloncesto
Martes	Coia. De 12:00 a 14:00 Fútbol Sala

Mércores	Travesas. De 12:00 a 14:00 Baloncesto
Venres	Coia. De 12:00 a 14:00 Futbol Sala

14.- No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ____ de _____ de 2017

12(1092).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS DO ANO 2017. EXPTE. 6873/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 16/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira de Festas e Turismo, o concelleiro de Orzamentos e Facenda, e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Con data 30 de marzo de 2017 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2017 (expte.6873/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 100.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 12 de abril de 2017 foron publicadas no BOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2017. O prazo de presentación de solicitudes foi de 20 días naturais, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPO, sendo o inicio o 26 de abril e o remate o 10 de maio, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base décimo primeira (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 12,00 horas do día 2 de outubro de 2017 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada pola Concelleira delegada da área de Festas e Turismo, dna Ana Laura Iglesias González que actúa como presidenta; e por Dna. Luz María González Domínguez como Xefa do servizo de Festas. En cumprimento do establecido na base décimo primeira 3) fai as funcións de secretaria, dna. Luz María González Domínguez.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 2 de outubro que leva anexa a folia de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes

concedidos recollidos dos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados pola Xefa do Servizo de Festas e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Faise constar que de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima primeira 5. das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade da concelleira de Turismo e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Primeiro: Que se resolva a convocatoria de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2017 (expte.6873/335) de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 2 de outubro de 2017 por un importe total de **98.378,11 €** con cargo á aplicación 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

Expte.	SOLICITANTE	CIF/NIF	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
6914-335	Asociación Comisión de Festas da Xuventude	G27738889	Festa da Xuventude	6.000,00 €	6.000,00 €
6923-335	Soc. Cult. Fiestas de la Consolación de Coia	G-36633030	Festas de Consolación	6.000,00 €	6.000,00 €
6967-335	Hermandad de Devotos de San Roque	G-36763225	Romeria de San Roque	6.000,00 €	6.000,00 €
6929-335	Asoc. Cult. Hermandad Fiestas Sta. Marina – Cabral	G36837425	Festas Patronais Santa Mariña de Cabral	3.000,00 €	3.000,00 €
6951-335	Asoc. Cultural Hermandad Fiestas de los Dolores	G36846921	Festas Patronais Virxen das Dores de Cabral	3.000,00 €	3.000,00 €
6952-335	Irmandade de San Campio	G36840940	Festas Patronais San Campio	3.000,00 €	3.000,00 €
6953-335	Irmandade de Festas de Santa Ana	G36648095	Festas Patronais na honra de Santa Ana	3.000,00 €	3.000,00 €
6961-335	Asoc. Cultural do Salvador de Teis	G36769214	Festas Paronais San Salvador de Teis	3.000,00 €	3.000,00 €
6924-335	Asoc. de Vecinos del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	XVII Festa do Xurelo	2.000,00 €	2.000,00 €

Expte.	SOLICITANTE	CIF/NIF	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
6935-335	Asociación Cultural "O Coto"	G36627941	XXX Festas do Cabazo	2.000,00 €	2.000,00 €
6959-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	XXXII Festa da Ceireixa	2.000,00 €	2.000,00 €
6965-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	XXXI Romería do Pan de Millo	2.000,00 €	2.000,00 €
6911-335	Asociación de Veciños de San Roque	G36659894	Festa do Magosto	596,71 €	596,71 €
6912-335	Asociación de Veciños da Praza da Miñoa	G36842284	Celebramos San Xoán	615,36 €	615,36 €
6913-335	Asoc. Vecinal Cultural y Deportiva Val do Fragoso	G36640860	Noite de San Xoán	578,07 €	400,00 €
6914-335	Asociación Comisión de Festas da Xuventude	G27738889	Fogueira de San Xoán	689,95 €	689,95 €
6920-335	Asoc. Vec. Cult.I y Rec. San Mamed de Zamanes	G36691855	Festa do Socio	969,66 €	900,00 €
6921-335	Asoc. Vec. Cult. e Dep. "San Xurxo" de Saiáns	G36648988	Festa da Amizade	932,36 €	932,36 €
6922-335	Asoc. Vecinos de San Pedro de Matamá "La Unión"	G36654036	Festa de San Xoán	951,01 €	951,01 €
6927-335	Asoc. Cultural e Veciñal Pedra Moura	G36973840	Día das Letras Galegas	932,36 €	932,36 €
6928-335	Asoc. Vecinos Nosa Terra de Alcabre	G36649374	Noite de San Xoán	913,72 €	913,72 €
6930-335	Asociación de Veciños de San Pedro de Sardoma "O Carballo"	G36649325	Festa do Nadal -Nadal dos Nenos Maxia e Música	745,89 €	1.539,13 €
			Festa do Socio	839,13 €	
6931-335	Movimento Cidadán O Noso Barrio	G36784296	Festa da Bouza	615,36 €	600,00 €
6933-335	Asociación de Cultura y Fiestas de Castrelos – Vigo	G36717973	Festas Patronais As Candelas e S. Brais	1.323,96 €	1.300,00 €

Expte.	SOLICITANTE	CIF/NIF	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
6934-335	Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral	G36651073	Fogueira de San Xoán	913,72 €	900,00 €
6937-335	A. V. C. U. C. Emilio Crespo de Navia	G36648608	Noite de San Xoán	839,13 €	839,13 €
6938-335	Comisión de Festas San Xoan Bautista de Freixo	G36791846	Festas Patronais San Xoán Bautista de Freixo	1.156,13 €	1.156,13 €
6939-335	Asociación Folclórica Algarabía	G27752989	Imos de Serán con Algarabia	596,71 €	596,71 €
6940-335	Asociación Folclórica Cultural e Veciñal Andarela	G36698686	Festival Folclórico "Fiando Miudo"	596,71 €	1.212,07 €
			Serán de Verán	615,36 €	
6941-335	Asocic. Vec. Socio Cultural e Deportiva O Freixo	G36654184	Día das Letras Galegas e do Veciño	727,24 €	700,00 €
6942-335	Centro Cultural, Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G27762434	Festival Folclórico	745,89 €	745,89 €
6943-335	Agrup. Centros Deportivos e Culturais de Vigo	G36791291	Festval de Baie Moderno	1.081,54 €	1.081,54 €
6944-335	Asociación Cultural "Xarabal"	G36884864	Magosto Popular	578,07 €	578,07 €
6945-335	Asoc. Veciños As Nosas Rúas de Travesía de Vigo	G36640985	Festival As Nosas Rúas	708,60 €	300,00 €
6946-335	Asociación Cultural Lameiro de Beirán	G27818905	Festas Patronais Nosa Señora da Soidade Beirán	1.193,43 €	1.193,43 €
6947-335	Asoci. Colectivo Cultural Alternativo Malaherba	G36983310	VI Festa da Sementeira	1.137,48 €	1.137,48 €
6948-335	Asociación Fiestas del Rosario	G36710689	Festas Patronais do Rosario	1.230,72 €	1.230,72 €
6949-335	Asoc Sdad. Fiestas Virxen do Carmen de Coruxo	G36723229	Festas Virxen do Carmen de Coruxo	1.249,37 €	1.249,37 €
6950-335	Asoc. Festas San Sebastián de Fragoselo Coruxo	G36755015	Festas de San Sebastián en Coruxo	1.193,43 €	1.193,43 €

Expte.	SOLICITANTE	CIF/NIF	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
6953-335	Irmandade de Festas de Santa Ana	G36648095	IV Festas da Convivencia e XXXVI Festa dos Vellos	1.230,72 €	1.230,72 €
6954-335	A.V.C.D.C.U de Lavadaores	G36633618	Venres Musicais	1.006,95 €	1.678,26 €
			II Festa do Porco o Espeto	671,30 €	
6955-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	Festas Tradicionais	1.044,25 €	1.044,25 €
6956-335	Asociación Veciñal Cultural Casco Vello	G36645885	Representación Dramatizada dos Maios	1.156,13 €	2.200,38 €
			Festa do Samaín	1.044,25 €	
6957-335	Asociación Cultural Traspés	G27739861	V Concurso Canto e Percusión	913,72 €	1.902,02 €
			VII Serán Traspés	988,31 €	
6958-335	Irmandade das Donas e Cabaleiros de Bouzas	G27836816	II Concurso de Relatos Curtos	1.044,25 €	1.044,25 €
6959-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	Festival Folcórico	969,66 €	2.246,00 €
			Beade Dinámica	1.361,25 €	
6960-335	APAMP (Asoc.Fam. Persoas con Paralise Cerebral)	G36624120	edición "Rumbos e Derivas"	1.305,31 €	1.305,31 €
6962-335	Asociación Cultural e Deportiva de Sampaio	G36648103	Festa de San Xoan – Sardiñada	839,13 €	839,13 €
6964-335	Asoc. Nais e Pais alumnos IES Carlos Casares	G27823087	Teatro Interactivo en Inglés	764,54 €	622,50 €
6965-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	Festival do Entroido Infantil	764,54 €	764,54 €
6966-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Festas Patronais San Cibrán e San Cornelio	1.118,84 €	1.118,84 €
6968-335	Asoc. Hermandad Fiestas Patronales de Candeán	G36757003	Festas de San Cristobo e Santa Ana	1.249,37 €	1.249,37 €
6969-335	Asoc. De Veciños "Monte da Mina" de Castrelos	G36623593	Festa da Convivencia	727,24 €	727,24 €
6970-335	Asociación Novo Vigo	G27771195	Navia Parque D'Arte	1.025,60 €	1.678,26 €
			Festa de San Xoán	652,65 €	

Expte.	SOLICITANTE	CIF/NIF	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
6971-335	Asociación Xogais	G36917037	V Edición Vigo, cidade diversa	1.137,48 €	1.137,48 €
6972-335	Centro Recreativo Artístico y Cultural de Coruxo	G36627495	Gala Cultural 50 Aniversario do CRAC de Coruxo	1.025,60 €	2.051,20 €
			Entroido: Enterro e Queima do Castrón	1.025,60 €	
6973-335	Asociación de Vecinos de el Calvario	G36648293	Recomendoche un Libro	1.044,25 €	600,00 €
6974-335	Asoc. Cultural Barrio Alto do Casco Vello de Vigo	G27800861	Emerxencias 2017	857,77 €	857,77 €
6976-335	Asoc. Veciñal Socio-Cult. Dep de San Miguel de Oia	G36648640	Ciclo de Teatro e Talleres	969,66 €	1.752,84 €
			Ciclo de Festas de Interés	783,19 €	
6977-335	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	G36648996	Sardiñada de San Xoan	596,71 €	596,71 €
6978-335	Asoc. de Veciños "Xunta Parroquial" de Valadares	G36750396	XX Certame Internacional de Regueifas	1.230,72 €	2.200,00 €
			XV Serán Tradicional	1.137,48 €	
6979-335	Centro Cultural Artístico y Recreativo de Valadares	G36617082	A Música Tradicional Revista (Memorial Moxenas)	1.006,95 €	1.827,43 €
			Certame de Rondallas	820,48 €	
6980-335	Asociación Folclórica " O Fiadeiro"	G36812204	V Ronda de Nadal (Talleres ?)	1.062,90 €	2.219,03 €
			XV Xornadas Culturais (Danza e Música)	1.156,13 €	

Segundo.- Á exclusión das solicitudes ás que se refiren a base cuarta e oitava, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

EXPTE.	NOME ENTIDADE	CIF	CAUSA DESESTIMACIÓN	DE
6901-335	As. Solidaria de Galicia (ASDEGAL)	G-27727593	Base oitava.12	
6952-335	Fundamar (Fundación para la pesca y el marisqueo)	G-27745397	Base oitava.12	

6964-335	Asoc. Nais e Pais alumnos IES Carlos Casares	G-27823087	Base oitava.13
6975-335	Asoc. Amigos do Seixo	G-27845189	Base cuarta. 1

Terceira.-O prazo de xustificación das subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2017 (expte.6873/335) unha vez rematado o programa e como data límite o día 1 de decembro de 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1093).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102637/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 6/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201700045795	9200.2260300	12.000,00	11.945,50	11/05/17	28/06/17	11/08/17	54,50	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034059	9250.2279900	17.999,00	16.703,90	06/04/17	04/07/17	06/07/17	1.295,10	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034062	9250.2200000	500,00	168,61	06/04/17	04/07/17	06/07/17	331,39	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034066	9250.2200100	500,00	430,40	06/04/17	04/07/17	06/07/17	69,60	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034538	9250.2260100	500,00	465,35	06/04/17	04/07/17	06/07/17	34,65	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700056928	9250.2230000	1.000,00	0,00	14/06/17	12/09/17	14/09/17	1.000,00	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700076228	9250.2330000	6.490,80	6.490,80	09/08/17	08/09/17	09/11/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700029634	9201.1620001	500,00	500,00	23/03/17	01/08/17	23/06/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700034985	9201.1620001	250,00	250,00	07/04/17	03/08/17	07/07/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700039742	9201.1620001	250,00	250,00	24/04/17	31/07/17	24/07/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700040903	2311.4800000	3.500,00	1.115,00	27/04/17	31/07/17	27/07/17	2.385,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700049199	9200.2219902	500,00	101,60	25/05/17	29/08/17	25/08/17	398,40	—

MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201700037166	1320.2312000	600,00	0,00	24/04/17	28/07/17	24/07/17	600,00	—
OTERO LAMAS FRANCISCO	201700053814	3112.2279900	500,00	0,00	02/06/17	05/09/17	02/09/17	500,00	—
RIOBÓ MARTA	201700043214	9120.2260100	2.000,00	1.824,35	02/05/17	25/08/17	02/08/17	175,65	—
RIOBÓ MARTA	201700043215	9120.2310000	1.000,00	449,40	02/05/17	25/08/17	02/08/17	550,60	---
RIOBÓ MARTA	201700043216	9120.2269900	1.000,00	681,61	02/05/17	25/08/17	02/08/17	318,39	—
RIOBÓ MARTA	201700043217	9120.2200100	1.000,00	1.201,30	02/05/17	10/08/17	02/08/17	0,00	201,30
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	201700034655	9200.2260300	9.000,00	8.995,17	10/04/17	16/06/17	10/07/17	4,83	—
VIVERO MIJARES ANTONIO	201700049258	1350.2250000	405,00	400,68	26/05/17	05/09/17	26/08/17	4,32	—
TOTAL			59.494,80	51.973,67				7.722,43	201,30

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos n.º 201700029634, 201700034985, 201700039742, 201700040903 e 201700049199 de García Álvarez Luis, 201700037166 de Martínez Muñoz Francisco, 201700053814 de Otero Lamas Francisco, 201700043214, 201700043215, 201700043216 e 201700043217 de Riobó Ibañez Marta e 201700049258 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranse.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os libramentos a xustificar n.º 201700029634, 201700034985, 201700039742, 201700040903 e 201700049199 de García Álvarez Luis, 201700037166 de Martínez Muñoz Francisco, 201700053814 de Otero Lamas Francisco, 201700043214, 201700043215, 201700043216 e 201700043217 de Riobó Ibañez Marta e 201700049258 de Vivero Mijares Antonio non se rendiron no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201700045795	9200.2260300	12.000,00	11.945,50	11/05/17	28/06/17	11/08/17	54,50	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034059	9250.2279900	17.999,00	16.703,90	06/04/17	04/07/17	06/07/17	1.295,10	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034062	9250.2200000	500,00	168,61	06/04/17	04/07/17	06/07/17	331,39	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034066	9250.2200100	500,00	430,40	06/04/17	04/07/17	06/07/17	69,60	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700034538	9250.2260100	500,00	465,35	06/04/17	04/07/17	06/07/17	34,65	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700056928	9250.2230000	1.000,00	0,00	14/06/17	12/09/17	14/09/17	1.000,00	—
ESPADA RE CAREY LUIS	201700076228	9250.2330000	6.490,80	6.490,80	09/08/17	08/09/17	09/11/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700029634	9201.1620001	500,00	500,00	23/03/17	01/08/17	23/06/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700034985	9201.1620001	250,00	250,00	07/04/17	03/08/17	07/07/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700039742	9201.1620001	250,00	250,00	24/04/17	31/07/17	24/07/17	0,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700040903	2311.4800000	3.500,00	1.115,00	27/04/17	31/07/17	27/07/17	2.385,00	—
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201700049199	9200.2219902	500,00	101,60	25/05/17	29/08/17	25/08/17	398,40	—
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201700037166	1320.2312000	600,00	0,00	24/04/17	28/07/17	24/07/17	600,00	—
OTERO LAMAS FRANCISCO	201700053814	3112.2279900	500,00	0,00	02/06/17	05/09/17	02/09/17	500,00	—
RIOBÓ IBAÑEZ MARTA	201700043214	9120.2260100	2.000,00	1.824,35	02/05/17	25/08/17	02/08/17	175,65	—
RIOBÓ IBAÑEZ MARTA	201700043215	9120.2310000	1.000,00	449,40	02/05/17	25/08/17	02/08/17	550,60	---
RIOBÓ IBAÑEZ MARTA	201700043216	9120.2269900	1.000,00	681,61	02/05/17	25/08/17	02/08/17	318,39	—
RIOBÓ IBAÑEZ MARTA	201700043217	9120.2200100	1.000,00	1.201,30	02/05/17	10/08/17	02/08/17	0,00	201,30
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	201700034655	9200.2260300	9.000,00	8.995,17	10/04/17	16/06/17	10/07/17	4,83	—
VIVERO MIJARES ANTONIO	201700049258	1350.2250000	405,00	400,68	26/05/17	05/09/17	26/08/17	4,32	—

TOTAL			59.494,80	51.973,67				7.722,43	201,30
-------	--	--	-----------	-----------	--	--	--	----------	--------

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1094).- RENUNCIA Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA INSTALACIÓN DUN QUIOSCO NA RÚA MARÍN. EXPTE. 20004/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 9/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L 39/2015 de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Comun das Administracións Públicas. (PACAP).
- RDL 3/2011 de 14 Novembro, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- D. Francisco Javier Suarez Baquero, mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 25 de setembro de 2017, solicita dar de baixa o quiosco sito na Rúa Marin, esquina R/ Rocio desta cidade de Vigo, por cese na súa actividade.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 30/12/2013, acordou autorizar a Da Dominga Baquero Alonso á cesión a favor de D. Francisco Jose Suarez Baquero, da concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dun quiosco na R/ Marin-R/Rocio no termo municipal de Vigo, que foille otorgada en data 15/12/2008 por dito órgano de Goberno, consonte e con plena suxeición ó réxime xurídico previsto na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, aprobada polo Pleno Municipal ó 29.05.2006 (BOP núm.210 de 2.11.2006).

TERCEIRO.- A Ordenanza Municipal sinala, no seu art. 28, como causa de extinción da concesión que:

A concesión extinguirase nos seguintes supostos:

- a) Cumprimento do prazo polo que foi outorgado.
- b) O desistimento do concesionario, previa notificación ó Concello.
- c) O falecemento ou incapacidade do concesionario sen que acaeza a transmisión da concesión.
- d) Atoparse incurso o concesionario en algunha das prohibicións legais para contratar coas Administracións Públicas.
- e) A resolución da concesión acordada polo Concello.

CUARTO.- No presente caso, a extinción do dereito concesional outorgado responde á vontade do titular da concesión administrativa quen comunicou o pasado día 25 de setembro o seu desestamento ó título concesional debido o cese na actividade, non apreciándose consecuentemente obxección algunha a súa aceptación pola administración municipal, ó atoparse dito suposto previsto como causa de extinción do dereito.

QUINTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de D. Francisco Javier Suárez Baquero, á concesión administrativa outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 15 de decembro do 2008, para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado a venda de prensa periódica na Rúa Marin, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización.

SEGUNDO.- Requerir a D. Francisco Javier Suarez Baquero para que no prazo de 20 días, a partir do seguinte á notificación do presente acordo, proceda á retirada do quiosco da vía pública e reposición desta ao seu estado orixinal.

TERCEIRO.-Apercibirille que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración á execución forzosa do ordeado, mediante execución subsidiaria por medios municipais, consonte ó previsto na Lei 39/15 de 1 de Outubro, do PA-CAP, correndo do seu cargo tódolos gastos que se orixinen.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1095).- DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO, POLA QUE SE DEFINEN AS CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DE IDENTIFICACIÓN DOS VEHÍCULOS ADSCRITOS ÁS LICENZAS DE TAXI. EXPTE. 1510/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES :

Na data 30 de maio de 2013 aprobouse a Lei 4/ 2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. Dita Lei foi publicada no DOG de data 14 de xuño de 2013, entrando en vigor ao mes de súa publicación .

En cumprimento do disposto na mencionada Lei, foi aprobada a Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi na Cidade de Vigo, publicada no B.O.P.P.O de data 11 de marzo de 2015, entrando en vigor aos 15 días da súa publicación .

Na citada Ordenanza contemplase unha regulación exhaustiva do servizo do taxi , non obstante observase, en relación con determinadas exixencias contidas na mesma, que e necesario adaptalas a nova realidade, polo que procede aclaralas para que exista homoxeneidade no sector .

Neste sentido considerase necesario facer aclaracións, en relación con determinados artigos da mesma : artigos 20, 21 e 39 .

PROPOSTAS :

ARTIGO 20 “ CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS “e en concreto con relación aos seguintes apartados :

-Apartado 6 e 7: a redacción literal é:

“ Cor que aprobe o Concello” e “Nas portas dianteiras levaran o anagrama do Concello de Vigo , segundo o modelo oficial que estableza a Corporación.”

Proponse incluír na Disposición Complementaria, o seguinte:

”O escudo oficial do Concello, ira colocado na parte central das portas dianteiras e terá unas medidas de 12,5 cm de ancho x 19,57 cm de alto.”

(achegase o modelo ao presente informe como anexo nº 2)

Por outra banda e en relación cos citados apartados do artigo 20, as Asociacións representativas do sector consideran que os distintivos actuais dos taxis de Vigo son moi similares aos dos Concellos limítrofes o que da lugar a confusión, polo que propoñen engadir novos elementos de identificación aos vehículos

Convocadas as mesmas, celebráronse reunións nas datas 18 e 25 de xaneiro de 2017, e posteriormente nas datas 5 e 6 de xullo de 2017, propoñendo cada una delas un modelo distinto de deseño de identificación.

Examinadas as distintas propostas presentadas, e en relación coas mesmas informase o seguinte :

A Asociación Profesional de Autotaxis formula proposta consistente nunha banda vermella e branca co escudo da cidade no medio e nas portas dianteiras do vehículo.

A Corporación do Taxi formula proposta consistente en pintar o teito do vehículo e o capó en cor vermello ou verde .

A Asociación Provincial de autopatronos do taxi da Provincia de Pontevedra formula proposta consistente nun vinilo formado por triángulos que representan a bandeira da cidade e que ocuparán a totalidade do capó.

Examinadas as distintas propostas formuladas informase o seguinte.

A proposta da Asociación Profesional de Autotaxis non considerase unha imaxe claramente identificativa do sector dos taxis da cidade por ser similar á doutras cidades de España, como por exemplo Madrid.

A proposta que formula a Corporación do Taxi aínda que pode ser identificativa do sector do taxi da cidade, e coincidente coa imaxe actual de algúns vehículos privados que teñen os teitos de distintas cores.

A proposta formulada pola Asociación Provincial de autopatronos do taxi da Provincia de Pontevedra e considerada como a máis representativa do sector do taxi da cidade, permitindo a identificación do vehículo taxi dende lonxe, e mostra un deseño innovador que diferencia claramente aos taxis de calquera outro vehículo privado , e dos taxis que non pertencen a cidade e que circulan pola mesma .

Polo que proponse incluír na Disposición complementaria o seguinte:

“No capó dos vehículos figurara a bandeira da cidade formada por triángulos ,que ocuparan a totalidade do capó segundo o modelo que axuntase no anexo que representan a bandeira da cidade e que ocuparán a totalidade do capó.”

(achegase o modelo ao presente informe como anexo nº 1)

-Apartado 8 : a redacción literal é:

“O numero de licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo , coas características e medidas que estableza o Concello. O Concello establecerá con carácter obrigatorio o tamaño, tipo e as características que debe ter o numero de licenza . Os distintivos deberan ser adhesivos.”

Proponse incluír na Disposición complementaria o seguinte:

“Os números de licenza deberan ter unhas medidas de 40 mm de ancho por 65 mm de alto e tipografía Helvetica Medium Condensed.

a) nas portas dianteiras deberán ir colocadas debaixo do espello retrovisor e ser de cor negro.

b) na luneta traseira deberan figurar na parte inferior dereita e ser de cor branco.

c) na parte frontal do interior do vehículo deberan figurar nunha placa na que figure o numero da licenza , numero de prazas e matricula. (de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto)

Tódolos distintivos deberan ser adhesivos no imantados.

(achegase o modelo ao presente informe como anexo nº 3)”

-Apartado 14 : a redacción literal é:

“ Deberan levar a placa identificativa de servizo publico”

Proponse incluír na Disposición complementaria o seguinte:

“A placa ou adhesivo identificativo de S.P. deberán ser reflectantes, do tamaño homologado, e situaranse na parte traseira do vehículo, ao lado da matricula, no seu lado esquerdo e na parte dianteira do vehículo ao lado esquerdo da mesma .

(achegase o modelo ao presente informe como anexo nº 4)”

-Apartado 17 : a redacción literal é:

“ Levarán un dispositivo luminoso na parte superior dianteira do vehículo, aprobado polo Concello que reflexaran o tipo de tarifa que corresponda no momento, o letreiro de taxi e a luz verde de libre “

Proponse incluír na Disposición complementaria o seguinte:

“ o dispositivo luminoso irá no teito do vehículo, no primeiro terzo da parte superior dianteira dereita .

(achegase o modelo ao presente informe como anexo nº 4)”

Artigo 21 : DOCUMENTACIÓN

-Apartado D : a redacción literal é:

“ A presente Ordenanza e as súas disposicións complementarias “

Proponse incluír na Disposición complementaria o seguinte:

“A Ordenanza e as disposicións complementarias poderán presentarse en formato papel, ou ben descargadas nun dispositivo electrónico que se leve no vehículo e que poida consultarse en calquera momento “

-Artigo 39: DESCANSOS

-Apartado 4: a redacción literal é:

“Os días de descanso que correspondan a cada licenza sinalaranse obrigatoriamente cos distintivos que aprobe o Concello “

Proponse incluír na Disposición complementaria o seguinte:

Os distintivos que sinalizan os días de descanso son círculos de cores de 10 cm de diámetro adhesivos no imantados que se situaran na parte lateral superior traseira do vehículo a ámbolos dous lados e ira colocado sobre a chapa.

(achegase o modelo ao presente informe como anexo nº 5)”

NORMATIVA DE APLICACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 2 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, o Concello intervirá no servizo de taxis, entre outros, a través de “ disposicións complementarias para a prestación do servizo “

De conformidade co disposto no artigo 3 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, as disposicións complementarias que poderá ditar o Concello referiranse, entre outras, á “ identificación e características dos taxis”

De conformidade co disposto no artigo 20 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo “a cor do vehículo e os anagramas serán os que aprobe o Concello”

De conformidade co disposto no artigo 4 da Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Taxi na Cidade de Vigo a Xunta de Goberno Local ten competencia para aprobar Disposicións Complementarias .

Polo exposto propónse someter a aprobación da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO :

1) Aprobar A DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO PARA FIXAR AS CARACTERÍSTICAS ESPECIFICAS DE IDENTIFICACIÓN DOS VEHÍCULOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE TAXIS, CO SEGUINTE CONTIDO:

PRIMEIRO: Fixar as seguintes características para os distintivos identificativos dos taxis da cidade:

A) O escudo oficial do Concello ira colocado na parte central das portas dianteiras e terá unhas medidas de 12,5 cm de ancho x 19,57 cm de alto .

B) Os números de licenza deberán ter unhas medidas de 40 mm de ancho por 65 mm de alto e tipografía Helvetica Medium Condensed.

a) nas portas dianteiras deberán ir colocadas debaixo do espello retrovisor e ser de cor negro.

b) na luneta traseira deberán figurar na parte inferior dereita e ser de cor branco.

c) na parte frontal do interior do vehículo deberán figurar nunha placa na que figure o número da licenza , número de prazas e matrícula.(de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto)

C) A placa ou adhesivo identificativo de S.P. deberá ser reflectante, do tamaño homologado, e situaranse na parte traseira do vehículo, ao lado da matrícula, no seu lado esquerdo e na parte dianteira do vehículo ao lado esquerdo da mesma .

D) O dispositivo luminoso irá no teito do vehículo, no primeiro terzo da parte superior dianteira dereita .

E) Os distintivos que sinalizan os días de descanso son círculos de cores de 10 cm de diámetro que se situaran na parte lateral superior traseira do vehículo a ámbolos dous lados e ira colocado sobre a chapa.

F) No capó dos vehículos figurara a bandeira da cidade formada por triángulos , que ocuparan a totalidade do capó segundo o modelo que axuntase no anexo que representan a bandeira da cidade e que ocuparán a totalidade do capó.

G) Todos os distintivos anteriores deberán ser adhesivos no imantados.

SEGUNDO : En relación coa documentación aclarar o seguinte :

A Ordenanza e as disposicións complementarios poderán presentarse en formato papel ou ben descargadas nun dispositivo electrónico que se leve no vehículo e que poida consultarse en calquera momento .

TERCEIRO : Publicar a presente Disposición Complementaria no B.O.P.P.O para xeral coñecemento.

CUARTO : Fixar un prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte a publicación desta Disposición Complementaria no B.O.P.P.O, para que os titulares das licencias de taxi da cidade de Vigo, adapten os seus vehículos as características específicas de identificación aprobadas .

Exclúense desta obriga os dispositivos luminosos (123) autorizados con anterioridade a publicación da presente Disposición Complementaria .

A partir da mesma data de publicación no B.O.P.P.O, todos os vehículos novos que se adscriban ao servizo de taxi deberán axustarse ó disposto nesta disposición .


ANEXO 1

apdos. 6 e 7



ANEXO 2

-Apartado 7:



ANEXO 3

**Apartado 8:
Número en puerta**



Número en luneta trasera



Placa interior:



ANEXO 4

Apartado 14
Placa SP



Apartado 17
Dispositivo luminoso



ANEXO 5

Artigo 39
DESCANSOS



Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez